



XUNTA DE GALICIA

XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA DE LUGO. SERVIZO DE ENERXÍA E MINAS

Anuncio

ACORDO do 9 de abril de 2024 da Xefatura Territorial de Lugo, polo que se anuncia o levantamento das actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados por unha instalación eléctrica no concello de Pantón. (Expediente 2022-30-ATE)

Con data 27 de novembro do 2023 a xefatura territorial de Lugo ditou resolución, pola que se recoñece en concreto, a utilidade pública, da instalación eléctrica denominada *Regulamentación LMTA PRS802 derivada a CT Espasantes*, cuxo peticionario é UFD Distribución Electricidad S.A., no concello de Pantón.

Esta declaración de utilidade pública, segundo o disposto no artigo 54 da Lei 24/2013 do 26 de decembro do sector eléctrico, implica a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e a súa urxente ocupación ós efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954.

De acordo co anterior, esta xefatura territorial, en cumprimento do disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, resolve convocar a tódalas persoas afectadas coas que non se chegou a un acordo, incluídas na relación de bens e dereitos que se insire como Anexo a esta resolución e que se expón tamén no taboleiro de anuncios do concello de Pantón, deducida da que se someteu a información pública no diario La Voz de Galicia do 30 de marzo de 2023 e no Diario Oficial de Galicia do 21 de marzo de 2023, para que comparezan o día **26 de xuño do 2024 no concello de Pantón** sinalado como punto de reunión para, de conformidade co procedemento que se establece no citado artigo, levar a cabo o levantamento das actas previas á ocupación.

Desta convocatoria darase traslado ós interesados mediante a oportuna citación individual, na cal se sinalará día e hora para o levantamento das actas previas. Así mesmo, no taboleiro de anuncios do concello de Pantón estará exposta a data do levantamento das actas. Todos os interesados, así como as persoas que sexan titulares de calquera clase de dereitos ou intereses sobre os bens afectados, deberán acudir persoalmente ou representados por unha persoa debidamente autorizada, achegando os documentos acreditativos da súa titularidade, podéndose acompañar dos seus peritos e dun notario pola súa conta (art. 52.3 da Lei de expropiación forzosa).

Así mesmo, advérteselles a todos os interesados que poderán formular alegacións por escrito nesta xefatura territorial (Rolda da Muralla 70, Lugo) ata o momento do levantamento das actas previas, para os únicos efectos de corrixir os posibles erros cometidos na relación de bens e dereitos afectados (artigo 56.2 do regulamento da Lei de expropiación forzosa).

Esta publicación realízase igualmente para os efectos do artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, (BOE núm. 236, de 2 de outubro) cando os titulares dos predios propostos sexan descoñecidos, non se saiba o lugar de notificación, ou ben, tentada a notificación, non se puidera realizar (sen prexuízo da correspondente publicación no BOE) e así dirixirille ao Ministerio Fiscal as dilixencias que se produzan de conformidade co artigo 5 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

Lugo, 9 de abril do 2024.- O xefe territorial, Gustavo J. Casasola de Cabo.

Propietario		Datos Catastrais		Afección					
Nº Predio	Nome e Apelidos	Políg.	Parc.	Paraxe	Cultivo	Apoio	m2	MI aéreos	M2 aéreos
25	Pablo de Prado Díaz	51	1398	Prado da Bodega	Prado			92.0	1436.0
26	Descoñecido Ignorado	51	1401	Prado Barrio	Monte Alto			0	32.0

26	Descoñecido	51	1401	Prado Barrio	Monte Alto			0	32.0
27	Antonio Varela Fernández	51	1402	Prado Barrio	Monte Alto	75-6-13	2.0	21.0	243.0
29	Benito Romay Vázquez	51	1403	Barrio	Monte Baixo			16.0	256.0
31	Federico Vargas de Prado	51	1406	As Cruces	Monte Baixo			43.0	696.0

R. 1066

Anuncio

ACORDO do 10 de abril de 2024 da Xefatura Territorial de Lugo, pola que se anuncia o levantamento das actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados por unha instalación eléctrica no concello de Pantón (expediente IN407A 2023/31-2).

Con data 24 de xaneiro de 2024, a Xefatura Territorial de Lugo ditou resolución pola que se otorgan á empresa UFD Distribución Electricidad S.A. as autorizacións previas e de construción e se declara a utilidade pública, en concreto, da instalación eléctrica denominada regulamentación L.A.M.T. MOF 808 "ESCAIRON-SAVINAO 8" entre apoios BN4CEQFQ//94 e BMOE04CF//102 "Panton" Lugo

Esta declaración de utilidade pública, segundo o disposto no artigo 54 da Lei 24/2013 do 26 de decembro do Sector Eléctrico, implica a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e a súa urxente ocupación ós efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954.

De acordo co anterior, esta xefatura territorial, en cumprimento do disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, resolve convocar a tódalas persoas afectadas coas que non se chegou a un acordo, incluídas na relación de bens e dereitos que se insire como Anexo ao presente acordo e que se expón tamén no taboleiro de anuncios do concello de Pantón, deducida da que se someteu a información pública no diario "El Progreso" do 08 de febreiro de 2024 e no Diario Oficial de Galicia do 14 de febreiro de 2024, para que comparezan o día 23 de maio de 2024 no concello da Pantón sinalado como punto de reunión para, de conformidade co procedemento que se establece no citado artigo, levar a cabo o levantamento das actas previas á ocupación.

Desta convocatoria darase traslado aos interesados mediante a oportuna citación individual, na cal se sinalará día e hora para o levantamento das actas previas. Así mesmo, no taboleiro de anuncios do concello de Pantón estará exposta a data do levantamento das actas. Todos os interesados, así como as persoas que sexan titulares de calquera clase de dereitos ou intereses sobre os bens afectados, deberán acudir persoalmente ou representados pola persoa debidamente autorizada, achegando os documentos acreditativos da súa titularidade, podéndose acompañar dos seus peritos e dun notario pola súa conta (art. 52.3 da Lei de expropiación forzosa).

Asi mesmo, advérteselles a todos os interesados que poderán formular alegacións por escrito nesta xefatura territorial (Rolda da Muralla 70, Lugo) ata o momento do levantamento das actas previas, para os únicos efectos de corrixir os posibles erros cometidos na relación de bens e dereitos afectados (artigo 56.2 do regulamento da Lei de expropiación forzosa).

Esta publicación realízase igualmente para os efectos do artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, (BOE núm. 236, de 2 de outubro) cando os titulares dos predios propostos sexan descoñecidos, non se saiba o lugar de notificación, ou ben, tentada a notificación, non se puidera realizar (sen prexuízo da correspondente publicación no BOE) e así dirixirille ao Ministerio Fiscal as dilixencias que se produzan de conformidade co artigo 5 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

Lugo, 10 de abril de 2024.- O xefe territorial, Gustavo José Casasola de Cabo.

Relación de bens e dereitos afectados polo proxecto de regulamentación L.A.M.T. MOF 808 "ESCAIRON-SAVINAO 8" entre apoios BN4CEQFQ//94 e BMOE04CF//102 "Panton" Lugo

Concello: Pantón

Expediente: IN407A 2023-31-2

Finca n.º	Políg.	Parcela	Paraxe	Propietarios	Cultivo	Apoio n.º	Cantidad	Sup. M²
1	27	293	Viña da Aira	Descoñecido	matorral	BN30QQCB//95	1	2

Anuncio publicado en: Num BOP 92 año 2024 (20/04/2024 08:00:00)

3	11	46	Forcados	Descoñecido	carballeira	BMW1MOV1//98	1	2
---	----	----	----------	-------------	-------------	--------------	---	---

R. 1067

Anuncio

ACORDO do 09 de abril de 2024 da Xefatura Territorial de Lugo, pola que se anuncia o levantamento das actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados por unha instalación eléctrica no concello de O Saviñao (expediente IN407A 2022/253-2).

Con data 12 de xaneiro de 2024, a Xefatura Territorial de Lugo ditou resolución pola que se otorgan á empresa UFD Distribución Electricidad S.A. as autorizacións previas e de construción e se declara a utilidade pública, en concreto, da instalación eléctrica denominada “regulamentación LAMAT CHA811 “Saviñao 11” entre apoios BKEA85DF//D110-35 E BK8LVCQC//D110-35-8 O Saviñao (Lugo)”, no concello de O Saviñao (Lugo).

Esta declaración de utilidade pública, segundo o disposto no artigo 54 da Lei 24/2013 do 26 de decembro do Sector Eléctrico, implica a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e a súa urxente ocupación ós efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954.

De acordo co anterior, esta xefatura territorial, en cumprimento do disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, resolve convocar a tódalas persoas afectadas coas que non se chegou a un acordo, incluídas na relación de bens e dereitos que se insire como Anexo ao presente acordo e que se expón tamén no taboleiro de anuncios do concello de O Saviñao, deducida da que se someteu a información pública no diario “La voz de Galicia” do 25 de xaneiro de 2024 e no Diario Oficial de Galicia do 02 de febreiro de 2024, para que comparezan o día 13 de xuño de 2024 no concello da O Saviñao sinalado como punto de reunión para, de conformidade co procedemento que se establece no citado artigo, levar a cabo o levantamento das actas previas á ocupación.

Desta convocatoria darase traslado aos interesados mediante a oportuna citación individual, na cal se sinalará día e hora para o levantamento das actas previas. Así mesmo, no taboleiro de anuncios do concello de O Saviñao estará exposta a data do levantamento das actas. Todos os interesados, así como as persoas que sexan titulares de calquera clase de dereitos ou intereses sobre os bens afectados, deberán acudir persoalmente ou representados pola persoa debidamente autorizada, achegando os documentos acreditativos da súa titularidade, podéndose acompañar dos seus peritos e dun notario pola súa conta (art. 52.3 da Lei de expropiación forzosa).

Así mesmo, advérteselles a todos os interesados que poderán formular alegacións por escrito nesta xefatura territorial (Rolda da Muralla, 70, Lugo) ata o momento do levantamento das actas previas, para os únicos efectos de corrixir os posibles erros cometidos na relación de bens e dereitos afectados (artigo 56.2 do regulamento da Lei de expropiación forzosa).

Esta publicación realízase igualmente para os efectos do artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, (BOE núm. 236, de 2 de outubro) cando os titulares dos predios propostos sexan descoñecidos, non se saiba o lugar de notificación, ou ben, tentada a notificación, non se puidera realizar (sen prexuízo da correspondente publicación no BOE) e así dirixirille ao Ministerio Fiscal as dilixencias que se produzan de conformidade co artigo 5 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

Lugo, 09 de abril de 2024.- O xefe territorial, Gustavo José Casasola de Cabo.

ANEXO I

Relación de bens e dereitos afectados polo proxecto de: “regulamentación LAMAT CHA811 “Saviñao 11” entre apoios BKEA85DF//D110-35 E BK8LVCQC//D110-35-8 O Saviñao (Lugo)”.

Concello : O Saviñao

Expediente: IN407A 2022-253-2

Finca Núm.	Políg.	Parc.	Paraxe	Cultivo	Propietario	Apoio Nº	Apoio Sup (m²)	Afeccións Ml. aé.	Afeccións M2 aé.
1	93	145	Cubela	Matogueira	Hdros. Maria Filomena Rodriguez Lopez	BKD4JNK4//D110-35-1	2	76,26	1219,97
2	93	146	Cubela	Matogueira	Hdros. Antonio Garcia Alvarez	-	-	36,42	565,80

4	93	149	Chao	Matogueira	Isaac Sanchez Lopez	-	-	3,62	82,55
5	93	141	Cubela	Matogueira, prados ou pradeiras	Hdros. Damaso Blanco Cidre	BKBHWC02//D110-35-4	2	69,60	870,46
6	93	134	Cubela	Matogueira, prados ou pradeiras	Ramon Alvarin Rodriguez	-	-	17,00	103,93
7	93	140	Cubela	Matogueira	Elia Taboada Exposito	-	-	-	4,39
8	93	135	Cubela	Prados ou pradeiras	Manuel Sanchez Diaz	-	-	58,52	897,75
12	118	84	Rañadoira	Prados ou pradeiras	Isaac Sanchez Lopez	-	-	36,61	585,25

R. 1068

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE RÉXIME INTERIOR, PROMOCIÓN DO TERRITORIO E TURISMO (SERVIZO DE TURISMO)

Anuncio

RELACIÓN DE SUBVENCÍONS DIRECTAS (NOMINATIVAS E EXCEPCIONAIS) TRAMITADAS POLA ÁREA DE RÉXIME INTERIOR, PROMOCIÓN DO TERRITORIO E TURISMO (SERVIZO DE TURISMO) NO PRIMEIRO TRIMESTRE DO ANO 2024.

En cumprimento do establecido nos artigos 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, 30 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e 11 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo, faise pública a relación de subvencións directas, nominativas e de carácter excepcional, tramitadas pola Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo (Servizo de Turismo) da Excma. Deputación Provincial de Lugo no primeiro trimestre do ano 2024.

Entidade Beneficiaria	NIF	Tipo de Subvención	Finalidade	Aplicación orzamentaria	Importe	Órgano de Aprobación
Concello de Monforte de Lemos	P2703100D	Nominativa	Recreación das Festas do Medievo	4320.46200	45.000,00€	Presidencia
Concello de Viveiro	P2706700H	Nominativa	Semana Santa de Viveiro	4320.46200	25.000,00€	Presidencia
Concello de Trabada	P2706100A	Nominativa	Festa da Enfariñada	4320.46200	10.000,00 €	Presidencia
Asociación Comerciantes, Empresarios, Profesionais, Gandeiros e Autónomos de Muimenta	G27386515	Nominativa	Festa da Filloa	4320.48900	3.000,00 €	Presidencia

Lugo, 16 de abril de 2024.- O PRESIDENTE, P.D. Decreto de data 04-07-2023, O DEPUTADO PROVINCIAL, Pablo Rivera Capón. O SECRETARIO, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 1069

SERVIZO DE EXPROPIACIÓNS E CONTROL DE PROXECTOS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA DA RELACIÓN DE BENS E DEREITOS AFECTADOS POR EXPROPIACIÓN FORZOSA

Na súa sesión ordinaria do 12/04/2024 a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo aprobou a iniciación do expediente de expropiación forzosa para a realización da obra Antas de Ulla.- Acondicionamento do acceso ao Parque Central de Galicia, LU-P-0301 “Antas de Ulla (LU-P-1809) – Límite provincia Pontevedra (Rodeiro)”, p.k. 0+390 ao 3+657.

Aos efectos previstos nos artigos 17 e 18 da Lei do 16 de decembro de 1954 sobre expropiación forzosa e demais normativa de aplicación, sométese a información pública a relación individualizada de bens, dereitos e propietarios afectados pola realización da citada obra, para que, nun prazo de vinte (20) días, contados desde o día seguinte á última publicación do presente anuncio, poidan presentarse cantas alegacións ou rectificacións se consideren oportunas. A relación de bens e dereitos afectados polo proxecto de expropiación é a seguinte:

Nº finca	Referencia catastral	Titulares catastrais	DNI	Tipo de solo	Superficie a expropiar (m²)	Outros bens afectados
1	27003A084001890000XJ	María Lagos Varela	***8732**	Rústico	24	16 m.de peche de pedra de 0,80 m. de altura
2	27003A084003590000XB	Julio Lagos Varela	***9019**	Rústico	32	31 m. de peche pedra de 0,80 m. de altura; 1 carballo Ø 1,20 m.
3	27003A076003050000XI	Milagros Mariño Montes	***2621**	Rústico	297	15 m. de peche de pedra de 0,70 m. de altura; 1 carballo Ø 0,90 m.
4	27003A076003040000XX	Luciano López Rodríguez	***2238**	Rústico	52	2,60 m. de peche cun poste de formigón de 0,20 x 0,20 m. de 1,50 m. de altura e 3 fiadas de arame
5	27003A073004030000XK	José César Pereiro Varela	***4540**	Rústico	278	74 m. de peche de pedra de 1,30 m. de altura; 8 castiñeiros novos; 3 carballos novos; 10 eucaliptos novos
		Herdeiros de Fidel Pereiro Varela	-			

Lugo, 17 de abril de 2024.- O PRESIDENTE, P.D. Decreto de data 04-07-2023, O DEPUTADO PROVINCIAL, Pablo Rivera Capón. O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 1079

CONCELLOS

BURELA

Anuncio

EXPTE. 666/2021.- ANUNCIO DE APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DE INSTALACIÓN DE TERRAZAS AO AIRE LIBRE OU NA VÍA PÚBLICA ANEXAS A ESTABLECEMENTOS ABERTOS AO PÚBLICO

Aprobada inicialmente polo Pleno do Concello en data 01 de febreiro de 2024 a Ordenanza municipal reguladora de instalación de terrazas ao aire libre ou na vía pública anexas a establecementos abertos ao público, o expediente permanece exposto ao público por prazo de trinta días, mediante anuncio publicado no BOP da provincia de Lugo n.º 046 de 24/02/2024.

Ao non haberse presentado reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario inicial aprobatorio da Ordenanza municipal reguladora de instalación de terrazas ao aire libre ou na vía pública anexas a establecementos abertos ao público, de data 01 de febreiro de 2024, cuxo texto íntegro se fai público, para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local; co seguinte teor literal:

Anuncio publicado en: Num BOP 92 año 2024 (20/04/2024 08:00:00)

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA INSTALACIÓN DE TERRAZAS AO AIRE LIBRE OU NA VÍA PÚBLICA ANEXAS A ESTABLECEMENTOS ABERTOS AO PÚBLICO**TÍTULO I.- DISPOSICIÓNS XERAIS**

Artigo 1. Obxecto.

Artigo 2. Definicións.

Artigo 4. Autorizacións e o seu obxecto.

Artigo 5. Carencia de dereito preexistente.

Artigo 6. Horario de funcionamento.

Artigo 7. Limitacións.

Artigo 8. Limitación de niveis de transmisión sonora.

Artigo 9. Seguro de responsabilidade civil.

Artigo 10. Publicidade.

Artigo 11. Condicións de uso das instalacións.

Artigo 12. Condicións hixiénico-sanitarias e de consumo.

Artigo 13. Responsabilidade.

TÍTULO II.- RÉXIME XURÍDICO.

Artigo 14. Sometemento a autorización administrativa.

Artigo 15. Natureza da autorización.

Artigo 16. Período de funcionamento da licenza e vixencia .

Artigo 17. Período de funcionamento da autorización e vixencia.

Artigo 18. Suspensión e revogación da autorización.

Artigo 19. Medidas correctoras e revogación por molestias por ruído.

Artigo 20. Prazo de solicitude de licenza e autorización de ocupación e renovación.

Artigo 21. Solicitante.

Artigo 22. Solicitude de licenza e autorización e documentación.

Artigo 23. Procedemento de tramitación.

Artigo 24. Obrigas do titular da instalación.

Artigo 25. Taxas.

TÍTULO III.- CONDICIÓNS XERAIS PARA A INSTALACIÓN DE TERRAZAS.

Artigo 26. Condicións xerais para a instalación de terrazas.

Artigo 27. Itinerarios accesibles arredor das terrazas.

TÍTULO IV.- PARÁMETROS DIMENSIONAIS.

Artigo 28. Parámetros dimensionais para a instalación de terraza na beirarrúa, rúas peonís, prazas, parques ou espazos libres.

Artigo 29. Parámetros dimensionais para as instalacións de terraza na zona de aparcamentos.

TÍTULO V.- MOBILIARIO E INSTALACIÓNS

Artigo 30. Elementos integrantes das terrazas.

Artigo 31. Instalacións permitidas dentro das terrazas.

Artigo 32.- Mobiliario urbano, arquetas de instalacións e árbores.

TÍTULO VI.- RÉXIME DE INSPECCIÓN E PROCEDEMENTOS SANCIONADOR.

Artigo 33. Inspección e réxime de actuacións.

Artigo 34. Réxime sancionador.

Artigo 35. Suxeitos responsables.

Artigo 36. Procedemento sancionador.

Artigo 37. Órgano competente.

Artigo 38. Medidas cautelares.

Artigo 39. Cumprimento das medidas cautelares e das resolucións ditadas.

Artigo 40. Almacenaxe de elementos retirados

Artigo 41. Infraccións.

Artigo 42. Clasificación das infraccións.

Artigo 43. Sancións.

Artigo 44. Circunstancias modificadoras da responsabilidade.

Artigo 45. Prescrición.

Artigo 46. Reposición da legalidade. Compatibilidade.

Artigo 47. Reclamación das taxas.

Disposicións adicionais.

Disposicións transitorias.

Disposicións Finais

TÍTULO I . DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1. Obxecto.

Esta ordenanza municipal ten por obxecto establecer o réxime xurídico aplicable á instalación e funcionamento das terrazas, con ou sen pechamento estable, ao aire libre ou na vía pública, anexas aos establecementos abertos ao público, con excepción dos recintos de feiras e festexos populares que se autoricen polo Concello.

Artigo 2. Definicións.

Terraza: aqueles espazos ao aire libre non cuberto ou que, estando cubertos, estean rodeados lateralmente por un máximo de dúas paredes, anexas aos establecementos abertos ao público, asentadas tanto en espazos públicos como privados. Estarán compostas por mesas, cadeiras, bancos, taburetes e outros elementos similares; parasois, toldos, pechamentos, mobiliario ornamental, tarimas e outros elementos de mobiliario urbano móbiles e desmontables. Nestes espazos so se poderá realizar a mesma actividade e expender os mesmos produtos que o establecemento do que dependen.

Terraza sen pechamento estable: son terrazas, cubertas ou non, que contén unicamente con elementos móbiles.

Terraza con pechamento estable: son terrazas, cubertas ou non, con elementos desmontables ou fixos.

Elementos móbiles: son aqueles elementos mobles, útiles ou accesorios, que carecen de ancoraxes, tales como cadeiras, bancos, mesas, antucas, biombos, xardineiras...

Elementos desmontables: son aqueles elementos mobles, útiles ou accesorios, que se poden ancorar ao chan ou fachadas, que se poden desmontar con ferramentas de uso común no prazo máximo de unha hora, tales como toldos, cortaventos, tarimas...

Elementos fixos: son aqueles elementos accesorios, que se poden acorar ao chan ou fachadas, non desmontables, de materiais lixeiros, tales como pérgolas, marquesiñas, cubertas... Non estarán permitidos en terrazas na vía pública.

Artigo 3. Normativa aplicable

As instalacións reguladas nesta ordenanza quedarán suxeitas, ademais, á normativa sobre espectáculos públicos e actividades recreativas, de protección do patrimonio, accesibilidade e supresión de barreiras, de protección do medio ambiente, así como calquera outra normativa sectorial que resulte de aplicación, polo que as súas determinacións serán plenamente esixibles aínda cando non se faga expresa referencia a elas nesta Ordenanza.

Artigo 4.- Autorizacións e o seu obxecto

1. A implantación destas instalacións require a previa obtención da autorización municipal así como, no seu caso, as previstas na normativa sectorial vixente. O documento de autorización e o seu plano de detalle deberán encontrarse no lugar da actividade a disposición dos funcionarios municipais e axentes da autoridade municipal.

2. Esta autorización, cando ocupen terreos de titularidade e uso públicos ou de titularidade privada de uso público en superficie incluírá tanto o permiso demanial de ocupación de terreo como o da normativa

urbanística de aplicación. No caso de terrazas a instalar en terreo de dominio e uso privados que forma parte integrante do edificio privado ou do establecemento principal, a súa instalación será obxecto do réxime autorizativo da actividade do establecemento do que forma parte, segundo a normativa urbanística e sectorial aplicable e non lles será de aplicación os artigos 16, 17 e 20 da presente ordenanza.

A autorización aprobada emitirase en modelo oficial, que deberá incluír, polo menos, as dimensións do espazo sobre o que se autoriza, a súa situación e delimitación, sinalización do espazo, os elementos que a compoñen indicando número de elementos, o tipo de material e a cor dos mesmos, o horario, e as limitacións ás que queda condicionada. Nas terrazas con pechamento estable indicaranse ademais as súas características e dimensións. En todo caso, xunto coa autorización deberá figurar copia do plano de detalle da instalación que serviu de base á súa concesión, debidamente cotexado polo Concello.

3. A Autoridade municipal competente denegará a autorización nos espazos de uso público considerados como saturados a efectos de instalación de terrazas. Entenderase por espazo saturado aquel no que, por criterios de interese público, a determinar pola A Autoridade municipal competente na zona respectiva, a ocupación pola concorrencia de terrazas menoscabe o uso público do espazo ou condicione dalgún xeito o interese xeral.

Non se autorizará máis dunha terraza, sen ou con pechamento estable, por establecemento.

Non se autorizarán terrazas no interior de espazos axardinados.

As terrazas permitiranse nas actividades recollidas no epígrafe III do *Decreto 124/2019, de 5 de setembro, polo que se aproba o catálogo de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, e se establecen determinadas disposicións xerais de aplicación na materia*, agás nas seguintes: III.2.7.1 Salas de festas, III.2.7.2 Discotecas e III.2.7.3 Pubs

Preservarase o arboredo e vexetación da paisaxe urbana e dos ambientes e condicións estéticas dos lugares e edificios, aínda que non contén con ningún tipo de protección específica nas lexislacións sectoriais.

No caso de prazas e espazos libres ou singulares, e no seu contorno inmediato, nos que poida ser necesario distribuír un espazo limitado entre varios establecementos con opción a ocupalo, a Autoridade municipal competente resérvase o dereito a determinar na autorización o número máximo de módulos da terraza, as condicións ou restricións que se estimen adecuadas, así como o seu concreto asentamento. A Autoridade municipal competente poderá denegar solicitudes por razóns da distribución do espazo ou interese público sen dereito a indemnización algunha.

En calquera caso deberá protexerse o uso e os dereitos e intereses dos usuarios dos edificios achegados.

4. As autorizacións quedarán condicionadas á reparación do espazo de uso público, das bocas de rego, tapas e rexistros e outras instalacións que estivesen na súa área de ocupación.

5. As solicitudes para a instalación de terrazas en zonas peonís resolveranse segundo as peculiaridades de cada caso concreto, atendendo ás circunstancias do entorno, impacto visual, fluxo de persoas e vehículos autorizados, normativa de accesibilidade, acceso a portais e vaos, así coma outras que se estimen pertinentes.

6. Deberán contar coa pertinente comunicación previa de obra para a instalación de terraza que requira obras para a súa delimitación, xunto coa concesión das demais autorizacións, licenza de actividade, (que será concedida unha sola vez, a non ser que se fagan modificación substanciais), e licenza de ocupación no caso de ocupar dominio público, (que será concedida por un período máximo de catro anos”.

Artigo 5. Carencia de dereito preexistente

En virtude dos principios de non alleamento e non prescrición dos bens de dominio público ou da afectación e prevalencia do uso público, a mera concorrencia dos requisitos necesarios para que a ocupación poida ser autorizada non outorga dereito algún en favor da súa concesión. A Autoridade municipal competente, considerando todas as circunstancias reais ou previsibles, poderá conceder ou denegar a autorización, facendo prevalecer o interese xeral sobre o particular.

Artigo 6. Horario de funcionamento.

1. O horario de funcionamento das terrazas será o seguinte:

- O **horario de inicio**: Con carácter xeral será ás 9:00 horas.

No caso de áreas peonís cun horario habilitado para a realización de labores de carga e descarga, o inicio do horario da instalación virá limitado pola finalización do horario establecido para ditas labores, no seu caso. Esta circunstancia especificarase na autorización administrativa.

- O **horario de peche** será:

o As 2:00h de luns a xoves, ambos incluídos.

o As 2:30h os venres, sábados e domingos, festivos e vésperas dos festivos, a non ser que o local da actividade a que está vinculada a terraza teña un horario de peche máis restritivo.

2. Non en tanto o preceptuado no apartado anterior, a autoridade municipal poderá reducir o horario xeral atendendo ás circunstancias de índole sociolóxico, medioambiental ou urbanístico que puidesen concorrer en cada caso concreto.

Neste caso, a limitación de horario deberá reflectirse na autorización como unha condición esencial sen a cal esta non sería concedida, podendo establecerse ou modificarse con posterioridade mediante resolución motivada.

En calquera caso o horario de funcionamento non poderá sobrepasar o de funcionamento do establecemento aberto ao público ao que se atope vinculada.

Será posible ampliar o horario en época de festas ou con motivo de eventos de interese xeral, previa autorización municipal.

Artigo 7. Limitacións.

A autoridade municipal competente poderá, de xeito suficientemente razoado, denegar a solicitude destas instalacións temporais en calquera dos seguintes supostos:

- Que supoña prexuízo para a seguridade viaria.
- Que, por particulares características físicas ou por razón do nivel ou intensidade do tránsito peonil, poida resultar inconveniente desde o punto de vista da seguridade das persoas, da súa mobilidade e accesibilidade.
- Que poida incidir sobre a seguridade (evacuación) dos edificios e locais próximos.
- Que dificulte a intervención de servizos públicos ou privados en caso de urxencia, tales como bombeiros, ambulancias, etc.
- Que supoñan deterioro do medio urbano ou resulten inadecuadas ou discordantes coa súa contorna.
- Que impida ou dificulte gravemente o uso de servizos, equipamentos e/ou mobiliarios urbanos.
- Calquera outra circunstancia similar de interese público xustificada mediante informe técnico municipal.

Artigo 8. Limitación de niveis de transmisión sonora

O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa sectorial vixente e no desenvolvemento regulamentario en vigor, así como a Ordenanza Municipal aplicable en materia de ruído.

Artigo 9. Seguro de responsabilidade civil

O titular da autorización deberá dispor dun seguro de responsabilidade civil do establecemento principal que deberá estender a súa cobertura, sen franquía algunha, aos posibles riscos que puideran derivarse do funcionamento da terraza.

As contías mínimas serán as establecidas na lexislación en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas.

Artigo 10. Publicidade

A publicidade comercial no conxunto de todos os elementos que conforman as terrazas, quedará condicionada á aprobación previa por parte da autoridade municipal competente, unha vez presentada a solicitude do interesado/a.

En ningún caso se permitirá publicidade discordante co entorno onde se localice a terraza, que poda causar un gran impacto visual, e que impida a visibilidade tanto dos peóns como do tráfico rodado.

Permítese a colocación do nome do establecemento ou do seu logotipo en toldos, antucas, elementos de protección, cortaventos e valados. O seu deseño e cores deberán ser discretos, de xeito que non resulte significativo no conxunto total da instalación.

Artigo 11. Condicións de uso das instalacións

1. Os titulares das autorizacións deberán manter as instalacións e cada un dos elementos que as compoñen nas debidas condicións de limpeza, seguridade e ornato.

2. Por razóns de estética e hixiene non se permitirá almacenar ou amorear produtos, materiais ou refugallo propios da actividade xunto ás terrazas nin fóra da instalación dos valados estables das mesmas.

3. O espazo autorizado á terraza deberá estar sempre ben delimitado segundo as condicións que determine a autoridade municipal competente na súa autorización e acorde ao referido no artigo 36 da Ordenanza Municipal de Accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas do Concello de Burela.

Artigo 12. Condicións hixiénico-sanitarias e de consumo

As instalacións reguladas nesta ordenanza deberán manterse en adecuadas condicións hixiénico sanitarias.

Artigo 13. Responsabilidade

O titular da autorización responderá dos posibles danos que se poidan causar ao dominio público e ás súas instalacións e sufragará o custo de reposición do espazo ocupado.

TÍTULO II. RÉXIME XURÍDICO.

Artigo 14. Sometemento a autorización administrativa.

A implantación de instalacións de terraza requirirá a previa e preceptiva licenza municipal e, no seu caso, a autorización de ocupación do dominio público.

As licenzas e autorizacións administrativas outorgaranse directamente aos peticionarios que reúnan as condicións requiridas tras seguir o procedemento establecido na Lei 39/2015, do 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Non poderá outorgarse licenza e autorización a establecementos abertos ao público que carezan de título habilitante para o exercicio da actividade.

Artigo 15. Natureza da licenza e autorización.

1. As licenzas e autorizacións facultan ao seu titular a realizar o aproveitamento nas concretas condicións coas que se outorgan, non concedendo ao seu titular máis dereitos que os propios contidos nesta ordenanza.

2. Serán transmisibles conxuntamente co título habilitante dos establecementos aos que estean vinculadas, agás renuncia expresa do novo titular. O novo titular deberá comunicar esta circunstancia ao Concello, xunto coa presentación da documentación acreditativa do cambio e da dispoñibilidade do seguro de responsabilidade civil en vigor a nome do novo titular.

3. As licenzas e autorizacións para a instalación e ocupación de terraza non poderán ser obxecto, en ningún caso, de arrendamento ou cesión independente para a súa explotación. O incumprimento dará lugar á perda de vixencia de devandita licenza e autorización.

4. As licenzas e autorizacións poderán ser revogadas unilateralmente pola administración outorgante, en calquera momento, por razóns de interese público, sen xerar dereito a indemnización.

5. A licenza e autorización sempre se entenderá outorgada salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

Artigo 16. Período de funcionamento da licenza e vixencia.

1. Establécense os seguinte períodos de funcionamento das terrazas:

- Con carácter xeral o período de funcionamento será **anual**, computándose a anualidade dende o inicio ata a finalización do ano natural.
- Poderá establecerse a modalidade de ocupación de **tempada** con vixencia do 1 de Abril ao 31 de Outubro.
- Nos períodos de festas de Semana Santa, Nadal ou verán poderá establecerse unha modalidade de ocupación especial cuxa autorización finaliza ao rematar o período de festas (a data de vixencia fixarase na autorización).
- Tamén poderán establecerse modalidades de ocupación especiais en períodos distintos dos sinalados por motivos de promoción turística da vila.

2. O interesado poderá solicitar como modalidade ocupación a anual, a de tempada ou ambos. No caso de establecer ambos, de diferente superficie, mobiliario e elementos auxiliares, establecerase na solicitude ambas solucións e serán obxecto de licenza.

Para solicitar a modalidade de ocupación especial deberá contar previamente con licenza de instalación de terraza, ben con modalidade de ocupación anual ou de tempada.

3. Nas terrazas asentadas en terreo de dominio e uso privado o período de funcionamento é permanente.

Artigo 17. Período de funcionamento da autorización e vixencia.

1. Con carácter xeral, a vixencia da autorización de ocupación non excederá de 4 anos conforme ao artigo 92 da Lei 33/2003, de 3 de Novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas.

Cando a modalidade ocupación sexa a de tempada ou especial a vixencia da autorización de ocupación non excederá do período establecido para elas no artigo 16 da presente ordenanza.

2. Con todo, o interesado poderá solicitar un período de ocupación inferior, que indicará expresamente na solicitude.

Este período poderá ser prorrogado, previa solicitude antes de que expire o prazo previamente concedido e así sucesivamente, ata acadar o período máximo referido no apartado anterior.

3. Ao termo de cada xornada e do horario autorizado, deberán retirarse do espazo público todos os elementos da terraza.

Non en tanto, poderá autorizarse a permanencia do mobiliario da terraza no espazo público ata o horario de peche do local, aínda que convenientemente recollido e con indicación de que a terraza se atopa fóra de servizo.

4. Para o tipo de terraza con pechamento estable, autorízase a permanencia dos elementos da instalación no espazo autorizado, ata o termo de vixencia da autorización. Transcorrido este período, o titular deberá proceder á retirada da instalación nun prazo máximo de 72 horas, devolvendo o espazo ao seu estado anterior.

Artigo 18. Suspensión e revogación da autorización.

1. A autoridade municipal competente procederá a denegar, revogar ou suspender temporalmente a licenza e autorización, sen dereito a indemnización, nos seguintes supostos:

- O incumprimento grave por parte do titular dos límites e condicións da licenza e autorización, con independencia das sancións que puidesen proceder. Considéranse incumprimentos graves os tipificados como infracción graves e moi graves nesta Ordenanza.
- Se constase resolución municipal por molestias ou prexuízos derivados do funcionamento da actividade principal ou accesoria.
- Nos casos de falla de pagamento da taxa correspondente.
- Cando no período autorizado estea prevista a execución de actuacións públicas, ou obras de calquera natureza que impidan o uso do espazo.
- Cando non se achegue en prazo a documentación esixida nesta ordenanza para tramitar a licenza e/ou autorización.
- A extinción ou suspensión do título habilitante do local ou establecemento dende o que se deba atender a terraza. Determinará a automática extinción ou a suspensión da licenza e autorización de ocupación da terraza sen necesidade de resolución administrativa.
- Cando teñan lugar eventos deportivos, culturais, festivos ou de calquera outra natureza, organizados directa ou indirectamente por esta Administración, cando circunstancias de tráfico, situación de urxencia ou cando xurdisen circunstancias imprevistas ou sobrevidas de urbanización, así como a implantación, supresión ou modificación de servizos públicos. A suspensión terá a duración imprescindible, recobrando a autorización administrativa a súa eficacia en canto desaparezan as circunstancias que a xustificaron, en todo caso sen necesidade de resolución administrativa.
- En xeral por razóns de interese público, produzan danos ao dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral, por razón de trazado, situación, seguridade viaria, obras públicas ou privadas, afluencia masiva de peóns, saturación, visibilidade ou accesibilidade, ou calquera outra circunstancia similar

2. En todo momento, as licenzas e autorizacións poderán ser revogadas motivadamente por razóns de interese xeral, sen dereito a indemnización. En especial, procederá a revogación cando resulten incompatibles coas normas ou criterios aprobados con posterioridade, produzan danos ao espazo público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público, menoscaben ou dificulten o uso xeral, se alteren os supostos determinantes do seu outorgamento ou sobreviñeran circunstancias, que de existir naquel momento, xustificarian a denegación.

Polas mesmas razóns e nas mesmas condicións do apartado anterior, a Administración municipal poderá modificar as licenzas e autorizacións en canto a localización, extensión, horario ou calquera outro aspecto.

3. En caso de revogación, suspensión temporal ou ausencia de autorización, a Administración municipal poderá proceder a execución subsidiaria no relativo á retirada do espazo de uso público dos elementos que constitúen a instalación sen prexuízo das sancións que correspondan segundo a presente ordenanza.

Artigo 19. Medidas correctoras e revogación por molestias por ruído.

No caso de que se presenten reiteradas queixas ou reclamacións por molestias habituais debidas ao ruído procedente da terraza dun establecemento, que leven consigo perturbación grave do descanso nocturno, afectando á tranquilidade e ao exercicio de dereitos lexítimos doutras persoas, e sexan debidamente acreditadas e constatadas pola Policía Local, a autoridade municipal competente poderá, previa audiencia ao titular da instalación, limitar o horario de funcionamento, así como o número de mesas autorizadas, podendo ata revogarse a licenza e autorización concedida.

Artigo 20. Prazo de solicitude de licenza e autorización de ocupación e renovación

1. A solicitude de licenza de instalación de terrazas solicitarase en calquera momento. O outorgamento da mesma por parte do órgano competente habilita para a instalación da terraza acorde á modalidade de ocupación autorizada, sen prexuízo da necesidade de obter a autorización de ocupación do dominio público, de ser o caso, dende o momento do seu outorgamento.

Entenderase vixente en tanto permaneza en funcionamento o establecemento aberto ao público ao que é anexa e non se modifiquen substancialmente. Unha modificación substancial, entendida como tal a descrita no artigo 16 da presente Ordenanza, implicará a obtención dunha nova licenza.

2. Cando a terraza ocupe terreos de titularidade e uso público levará implícita a autorización de ocupación dos mesmos, polo período que solicite, acorde ao indicado no artigo 17 da presente Ordenanza.

Entenderase que o período de ocupación comeza coa data de outorgamento ata o data de finalización indicada na solicitude ou, no seu defecto a data límite indicada no artigo 17, segundo a modalidade de ocupación.

3. De non solicitar o período máximo de ocupación, o prazo concedido poderá prorrogarse sucesivamente ata acadalo, previa solicitude antes de que expire o prazo concedido.

Expirado o prazo da autorización de ocupación deberá solicitarse unha nova autorización, sen necesidade de solicitar unha nova licenza de instalación da terraza, salvo que esta se modifique substancialmente.

4. As solicitudes de licenza e autorización de ocupación, así como as súas prórrogas deberán presentarse cunha antelación mínima dun mes.

Nas solicitudes de prórroga, previa comprobación dos requisitos exixidos na presente Ordenanza, a autoridade municipal competente poderá manifestar a súa vontade de non renovación, ou exixir en calquera tempo a modificación de calquera condición da autorización concedida, cando concorran razóns de interese público ou necesidade de utilizar o espazo ocupado. A denegación de renovación ou a exixencia de modificación será notificada ao interesado, sen dereito a indemnización algunha.

5. Conxuntamente coa solicitude de renovación deberase aportar:

- Declaración xurada de non terse modificado as circunstancias que motivaron o outorgamento da licenza, con indicación da referencia do expediente.
- Declaración xurada ou xustificante de que se atopa en vigor a póliza de responsabilidade civil con cobertura para o prazo solicitado.
- Autorizacións que resultaren preceptivas.

Artigo 21. Solicitante.

1. Poderá solicitar a licenza para a instalación de terraza e a ocupación do dominio público o titular do título habilitante da actividade do establecemento.

2. Serán requisitos para obter a autorización:

- O título habilitante da actividade a que está vinculada a terraza deberá estar en vigor.
- Non ter débedas coa Facenda Municipal, o que se verificará polos servizos municipais correspondentes. A solicitude de ocupación do espazo ou a súa renovación faculta á unidade municipal competente para verificar a concreta situación da persoa interesada respecto da súa condición de non debedora con este Concello.
- O titular da instalación deberá dispoñer dun seguro de responsabilidade civil e de incendios que dea cobertura aos posibles riscos que puidesen derivarse para as persoas e/ou as cousas con motivo do funcionamento, instalación e retirada de a instalación e durante o período de vixencia da mesma, acorde ao referido na lexislación en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas

Artigo 22. Solicitude de licenza e autorización e documentación a achegar

A documentación a presentar para a tramitación das licenza e, no seu caso, autorización para ocupación de dominio público, ou para a modificación dunha xa concedida, é:

- Instancia normalizada do Concello de Burela, presentada no rexistro xeral desta administración.
- Número do expediente da actividade principal a cal se vinculará a terraza que se solicita, para poder identificar o título habilitante do establecemento para o que se solicita a terraza e, no seu caso, do cambio de titularidade de aquel.
- Xustificante do pago das taxas municipais.
- Planos e memoria descritiva, onde se reflexa a situación exacta da ocupación ben sexa permanente, anual ou de tempada, con elementos fixos, desmontables ou móbiles, determinación clara da superficie en metros cadrados e lineais e planos en planta, alzados e, se procede, de sección. Tamén se aportará plano acoutado da fachada do local, en planta e alzado, así como a pendente da beirarrúa ou calzada. A documentación gráfica aportarase en formato editable dwg, dxf ou shp.

Deberá indicar o número de mesas, cadeiras, antucas, cortaventos, xardineiras, toldos, estufas ou calquera outro elemento de mobiliario ou accesorio que conteña. Dita memoria conterá as súas características, materiais, cores... etc. Deberá incluír as instalacións precisas para o funcionamento, mobiliario, elementos publicitarios do local.

Definirase todo o mobiliario urbano, alumado público, varandas, xardineiras, papeleiras, árbores, vaos peonís e de vehículos, etc, existentes no entorno da ocupación que se pretende.

- Se o interesado pretende realizar instalación eléctrica, deberá presentar xunto coa solicitude de ocupación, proxecto da instalación e certificado dun instalador.
- Declaración responsable onde se faga constar o compromiso de contratación do seguro previsto na normativa de espectáculos públicos e actividades recreativas (Anexo I) ou a documentación acreditativa da dispoñibilidade daquel.
- De establecerse sobre o dominio público, xustificación de que o aproveitamento especial que constitúe a terraza, non impide o uso común xeral, en condicións de seguridade e salubridade; e en particular, cando a ocupación exceda da fronte da fachada do establecemento ao que se pretende vincular (Anexo II).
- De establecerse sobre o dominio público, deberá indicar o período para o cal se solicita a ocupación.

Artigo 23. Procedemento de tramitación.

1. Iniciarase mediante solicitude, en impreso normalizado que conterá polo menos os datos sinalados no artigo 66 da Lei 39/2015, do 1 de Outubro, do procedemento administrativo común, ao que se achegará a documentación prevista no artigo 22 desta ordenanza.

2. Para os efectos do cómputo dos prazos de tramitación considerarase iniciado o expediente na data de entrada da documentación completa no rexistro do órgano competente para resolver.

3. Os servizos municipais disporán dun prazo de 15 días para examinar a solicitude e a documentación presentada e, se é o caso, requirirán ao interesado para que no prazo de 10 días emende a falta ou presente a documentación preceptiva, indicándolle que se non o fai entenderase que desistiu da súa petición e que, logo da resolución, se arquivará sen máis trámite, con efectos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de Outubro, do procedemento administrativo común.

4. Unha vez completada a documentación, emitirase informe dos Servizos Técnicos, de Tesourería, da Policía Local e Xurídico que finalizará con proposta nalgún dos seguintes sentidos:

- De denegación, que non outorgará dereito a indemnización algunha.
- De outorgamento, indicando se é o caso, os requisitos ou as medidas correctoras que a instalación deberá cumprir para se axustar á normativa aplicable.

As resolucións que outorguen a autorización administrativa conterán a seguinte información:

- Titular de a autorización administrativa e nome ou razón social, NIF ou CIF, e a súa denominación comercial
- Dirección do local do establecemento ao que se vincula a terraza.
- Extensión da superficie autorizada a ocupar en metros cadrados e lineais.
- Número de mesas e cadeiras, e demais mobiliario auxiliar autorizado.
- Modalidade ou modalidades de ocupación e período de vixencia da ocupación.
- Horario de funcionamento da terraza, de ser diferente do establecido con carácter xeral.
- Demais condicións particulares, no seu caso.

Á notificación acompañarase plano de detalle que serviu de base para o seu outorgamento, debidamente cotexado como parte integrante do título habilitante.

5. No suposto de terrazas tipo con cerramento fixo, e nas que se considere conveniente, no seu caso polos servizos técnicos, unha vez autorizada a instalación, e previa ao seu funcionamento, deberase presentar ante a Administración Municipal: Certificado de adecuación da instalación de terraza á autorización concedida, asinado por técnico competente

6. A resolución do órgano competente deberá producirse nun prazo non superior a 2 meses, contados desde o día seguinte á data na que se considere iniciado o expediente. As solicitudes de terrazas que ocupen dominio público, e transcorrido este prazo sen que houbese resposta, entenderase que a licenza e autorización foron rexeitadas.

Artigo 24. Obrigas do titular da instalación.

Sen prexuízo das obrigas de carácter xeral, e das que se deriven da aplicación da presente Ordenanza, será obriga do titular da instalación:

- Respetar os horarios autorizados, así como cumprir as demais condicións impostas na autorización concedida.
- Manter, tanto o chan cuxa ocupación se autoriza, como a terraza e cada un dos elementos que a compoñen, nas debidas condicións de limpeza, seguridade e ornato. A tales efectos, deberá dispoñerse dos correspondentes elementos de recolleita e almacenamento de refugалlos para manter en condicións de limpeza o espazo de uso público.

Ao termo de cada xornada deberán realizarse as tarefas de limpeza necesarias no chan ocupado.

- 3.- A circulación realizarase polos lugares establecidos e sinalizados ao efecto e, en caso de non existir estes, pola calzada ou a beiravía. Está prohibido circular por beirarrúas, paseos, prazas, parques e demais zonas destinadas ao uso exclusivo de peóns.
- 4.- Prohíbese a circulación por vías interurbanas e túneles urbanos.
- 5.- Prohíbese conducir VMP baixo os efectos de bebidas alcohólicas ou superar as taxas máximas permitidas na normativa xeral, así como facelo tras consumir estupefacientes, psicotrópicos, estimulantes ou sustancias análogas. Os condutores de VMP están obrigados a someterse ás probas de detección alcohólica ou drogas nas mesmas condicións que o resto de condutores de vehículos.
- 6.- A velocidade máxima permitida a un VMP é de 25 km/h, ou a establecida na vía pola que circula se é menor.
- 7.- Está prohibido utilizar auriculares ou reprodutores de son, así como telefonía móbil ou outros sistemas de comunicación.
- 8.- Non se permite a circulación en zigzag, negligente, temeraria ou que entorpeza a outros usuarios. Non se pode circular en VMP arrastrado ou agarrado a outro vehículo, nin remolcar a outros.
- 9.- Non se permite a circulación de mais dunha persoa en cada VMP.
- 10.- De noite ou en condicións de baixa visibilidade os VMP levarán acesa unha luz de cor branca ou amarela diante e vermella detrás.

Artigo 11.- Circulación de bicicletas.

1. As bicicletas deberán estar dotadas dos elementos reflectores debidamente homologados que regulamentariamente se determinen e que deberán posuír estes vehículos conforme a dita normativa. Cando sexa obrigatorio o uso de iluminación, os condutores de bicicletas deberán, ademais, levar colocada algunha peza reflectora. As bicicletas deberán dispor de timbre para sinalizar a súa presenza.

2. As bicicletas circularán polos carrís especialmente reservados, respectando a preferencia de paso dos peóns que os crucen. Non se permite a circulación de bicicletas por beirarrúas, paseos, parques e similares excepto no que se recolle no punto 3. Se existe beiravía circularán pola súa dereita se fose practicable.

A Autoridade municipal poderá crear e sinalizar carrís bicis, sendas ciclables e aceras bicis.

3. Excepto en momentos de aglomeración, os menores de 12 anos poderán circular polos parques públicos, as zonas peonís, os paseos, as beirarrúas suficientemente amplas e as zonas de prioridade investida sen carril bici, nas seguintes condicións:

1. Respetarán a preferencia dos peóns.
2. Adecuarán a velocidade á dos peóns sen superar os 10 Km/h.
3. Absteranse de zigaguear ou realizar calquera outra manobra que poida afectar á seguridade dos peóns, así como realizar competicións ou carreiras.
4. Cando os ciclistas circulen en grupo polas vías urbanas deberán respectar individualmente a sinalización semaforica que lles afecte.
- 5.- O uso de casco de protección certificado ou homologado é obrigatorio no casco urbano para os menores de 16 anos. Nas rúas interurbanas estarase ao disposto na normativa xeral.

6. Non se permite circular coa bicicleta apoiado só nunha roda, soltar o guiador excepto para sinalizar unha manobra, collerse a outros vehículos para ser remolcados ou remolcar a outros, circular en zigzag ou de modo negligente ou temerario, cargar a bicicleta con obxectos que dificulten a súa utilización ou reduzan a visión.

7. Non se permite a circulación de mais dunha persoa nunha bicicleta, salvo que teña homologada para mais prazas, ata o número permitido no seu caso concreto, ou que o acompañante sexa menor de 7 anos situado en asento homologado, sempre que o condutor sexa maior de idade, baixo a súa responsabilidade, e usando casco de protección tanto o condutor como o menor de 7 anos.

8. Permítese levar remolque nas bicicletas, sempre que sexa homologado, só cando circulen de día e non existan condicións de diminución de visibilidade, cunha redución da velocidade máxima permitida nun 10%, e se o condutor é maior de idade. Non se permite que vaian persoas nos remolques arrastrados por bicicletas.

9. As bicicletas estacionaranse preferentemente nos lugares habilitados, deixando en tódolos casos un espazo libre para os peóns. No caso de estacionarse en lugares peonís, deberán deixar un espazo libre de paso mínimo de 1,80 metros.

10. Está especificamente prohibido estacionar as bicicletas:

- a) Pegadas ou atadas a árbores e o mobiliario urbano, por exemplo: farois, semáforos, bancos, papeleiras ou similares.
- b) Ante zonas onde haxa reserva de carga e descarga na calzada en horario dedicado á actividade.
- c) En zonas de estacionamento para persoas con discapacidade.
- d) En zonas de estacionamento expresamente reservadas a servizos de urxencia e seguridade, centros ou instalacións públicas.
- e) Ante as saídas de urxencia de locais destinados a establecementos de pública concorrencia, durante as horas de actividade.
- f) En paradas de transporte público.
- g) En pasos para peóns.
- h) Nos espazos habilitados para o estacionamento das bicicletas públicas de préstamo.
- i) Nos elementos acaroados nas fachadas.
- j) Nos espazos delimitados para o estacionamento de vehículos en xeral

Artigo 12. Vehículos en réxime de transporte especial

1. Os vehículos considerado como transporte especial, segundo a normativa xeral en vigor, que pretendan circular polas vías obxecto desta ordenanza precisarán de autorización municipal expresa para cada percorrido e vehículo, independente de cantos outros permisos lles resulten exixibles de acordo coa normativa vixente.

2. A tramitación da devandita autorización iniciárase coa presentación dunha solicitude ao Concello de Burela polo interesado cunha antelación mínima de quince días hábiles á data de tránsito, na que fará constar:

- a) Data, hora, itinerario que pretende utilizar e duración prevista do percorrido.
- b) Peso e dimensións do vehículo ou vehículos para os que se solicita autorización de tránsito. c) Cantos outros datos sexan relevantes.

3. Tralos informes da Policía Local, o Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico ditará resolución autorizando ou denegando o tránsito solicitado.

4. A data, hora e itinerario contido na solicitude consideraranse como proposta, de forma que a resolución cando sexa estimatoria poderá establecer outros distintos que serán de obrigado acatamento polo solicitante.

5. Alcanzada a data prevista para a realización do transporte especial sen ser notificada a resolución municipal entenderase que esta é desestimatoria.

6. Os transportes especiais deberán ir acompañados por axentes da Policía Local de Burela no percorrido autorizado en vías de competencia municipal, agás os trens turísticos, que serán acompañados ou non segundo se regule na autorización complementaria.

Artigo 13. Animais e vehículos de tracción animal.

1. Nas vías obxecto da presente ordenanza só se permitirá o tránsito de animais de tiro ou cadeira e cabezas de gando illadas, sen que invadan as beirarrúas ou zonas peonís e o fagan ao paso. Utilizarán preferentemente as vías de menor densidade de circulación e sempre que exista vía pecuaria, circularán

obrigatoriamente por esta. Queda prohibida a circulación de animais en manada ou rabaño, salvo que se trate de vías pecuarias.

2. Estarán sempre a cargo dunha persoa maior de idade, salvo nos animais de cadeira que poderán ser utilizados por menores, sempre que transiten acompañados de polo menos un maior de idade.

3. Os animais de compañía circularán suxeitos polos seus responsables mediante correa ou elemento de análoga eficacia e función, podendo ir por beirarrúas e zonas peonís.

4. Prohíbese deixar animais sen custodia en calquera clase de vía ou nas súas inmediacións, sempre que exista a posibilidade de que estes poidan invadir a vía.

5. Os excrementos dos animais, incluídos os dos vehículos de tracción animal, non poderán quedar depositados na vía pública. As persoas responsables da súa condución, e subsidiariamente os propietarios dos mesmos, serán responsables da súa recollida e depósito en lugar apropiado, colectores ou papeleiras.

6. Os vehículos de tracción animal, calquera que sexa o uso a que se destinen, só poderán circular polas vías públicas cando vaian provistos de rodas pneumáticas ou de elasticidade similar.

Artigo 14. Velocidade dos vehículos que circulen no casco urbano

1. O límite xenérico de velocidade en vías urbanas será de:

a) 20 km/ h en vías que dispoñan de plataforma única de calzada e beirarrúa.

b) 30 km/ h en vías dun único carril por sentido de circulación.

c) 50 km/ h en vías de dúas ou máis carrís por sentido de circulación.

Para estes efectos, os carrís reservados para a circulación de determinados usuarios ou uso exclusivo de transporte público non serán contabilizados.

2. As velocidades xenéricas establecidas poderán ser rebaixadas previa sinalización específica, pola Autoridade municipal.

3. Excepcionalmente, a Autoridade Municipal poderá aumentar a velocidade en vías dun único carril por sentido ata unha velocidade máxima de 50 km/ h, previa sinalización específica.

4. Nas vías urbanas ás que se refire o apartado 1 c) e en travesías, os vehículos que transporten mercadorías perigosas circularán como máximo a 40 km/ h.

5. O límite xenérico de velocidade en travesías é de 50 km/ h para todo tipo de vehículos. Este límite poderá ser rebaixado por acordo da Autoridade Municipal co titular da vía, previa sinalización específica.

6. Sobre os límites especificados anteriormente prevalecerán cando sexan máis restritivos os relativos aos vehículos e condutores polas súas características así como os establecidos por sinalización circunstancial.

Artigo 15.- Actividades que afecten á seguridade da circulación.

1. A realización de obras, instalacións, colocación de colectores, mobiliario urbano ou calquera outro elemento ou obxecto de forma permanente ou provisional nas vías obxecto desta Ordenanza necesitará a previa autorización municipal e rexeranse polo disposto nesta norma, nas ordenanzas reguladores aplicables do Concello de Burela, e nas leis de aplicación xeral. As mesmas normas serán aplicables á interrupción das obras, en razón das circunstancias ou características especiais do tráfico que poderá levar a efecto a pedimento da autoridade municipal.

2. Prohíbese arroxar, depositar ou abandonar sobre a vía substancias ou materiais que poidan entorpecer a libre circulación, parada ou estacionamento, facelo perigoso ou deteriorar aquela ou as súas instalacións, ou producir nela ou nas súas inmediacións efectos que modifiquen as condicións apropiadas para circular, parar ou estacionar. Así mesmo, prohíbese arroxar á vía ou nas súas inmediacións calquera obxecto que poida dar lugar á produción de incendios, ou accidentes ou que obstaculicen a libre circulación.

Os vehículos, especialmente cando se incorporen á vía pública procedentes de obras, desterres ou leiras de labranza adoptarán as medidas necesarias para manter as vías limpas de terra, barro ou outros materiais, obxectos e aparellos. A responsabilidade recaerá nos condutores dos vehículos que deixen os restos na vía e, subsidiariamente, na persoa que realiza as obras ou os traballos na finca de que se trate.

3. Quen creara sobre a vía algún obstáculo ou perigo deberán facelo desaparecer canto antes, adoptando namentres as medidas necesarias para que poida ser advertido aos demais usuarios e para que non se dificulte a circulación.

4. Prohíbese ocupar unha vía de dominio público por causa de actividades ou instalacións sen autorización municipal. Queda expresamente prohibido deixar contedores de residuos nas vías públicas, tanto de uso de vehículos como peonís, sen autorización previa do Concello de Burela. O responsable será a empresa titular do contedor, e subsidiariamente a persoa que realiza as obras ou traballos que necesitan o citado contedor.

5. Prohíbese expresamente a limpeza, lavado ou reparación de vehículos na vía pública.

Artigo 16.- Emisión de perturbacións e contaminantes.

1. Non poderán circular polas vías obxecto desta Ordenanza os vehículos con niveis de emisión de ruído superiores aos regulamentariamente establecidos; así como tampouco emitindo gases ou fumes en valores superiores aos límites establecidos e nos supostos de ser obxecto dunha reforma de importancia non autorizada.

Todos os condutores de vehículos quedan obrigados a colaborar nas probas regulamentarias de detección que permitan comprobar as posibles deficiencias e reformas indicadas.

2. Tanto nas vías públicas urbanas como nas interurbanas prohibese a circulación de vehículos a motor e ciclomotores co chamado escape libre, sen o preceptivo silenciador das explosións.

Prohibese, así mesmo, a circulación dos vehículos mencionados cando os gases expulsados polos motores, en lugar de atravesar un silenciador eficaz, saian desde o motor a través dun incompleto, inadecuado, deteriorado ou a través de tubos resoadores e a dos de motor de combustión interna que circulen sen estar dotados dun dispositivo que evite a proxección descendente ao exterior de combustible non queimado ou lancen fumes que poidan dificultar a visibilidade aos condutores doutros vehículos ou resulten nocivos.

Os axentes da autoridade poderán inmovilizar o vehículo no caso de que supere os niveis de gases, fumes e ruídos permitidos regulamentariamente, segundo o tipo de vehículo, conforme o establecido na normativa xeral de aplicación en materia de tráfico.

3. Queda prohibida a emisión dos contaminantes a que se refire o apartado 1 producida por vehículos a motor por riba das limitacións dispostas nas normas reguladoras dos vehículos.

4. Igualmente queda prohibida a dita emisión por outros focos emisores de contaminantes distintos dos producidos por vehículos a motor, calquera que fose a súa natureza, por riba dos niveis que o goberno estableza con carácter xeral.

Quedan prohibidos, en concreto, os vertedoiros de lixos e residuos dentro da zona de afección das estradas, en todo caso, e fóra dela cando exista perigo de que o fume producido pola incineración dos lixos ou incendios ocasionais poida alcanzar a estrada.

CAPÍTULO SEGUNDO: SINALIZACIÓN**Artigo 17. Sinalización**

1. A sinalización das vías urbanas correspóndelle á autoridade municipal. A Alcaldía ou o Concellería delegada ordenarán a colocación, retirada e substitución dos sinais que en cada caso proceda, así como a autorización de sinais temporais por motivo de obras ou outras circunstancias.

2. Todos os usuarios das vías obxecto desta Ordenanza estarán obrigados a obedecer os sinais da circulación que establezan unha obrigación ou unha prohibición e a adaptar o seu comportamento á mensaxe do resto dos sinais regulamentarios que se atopen nas vías polas que circulen.

Para estes efectos, cando o sinal imponha unha obrigación de detención, non poderá renovar a súa marcha o condutor do vehículo así detido ata cumprir a finalidade que o sinal establece.

3. Os sinais de tráfico preceptivos instalados nas entradas dos núcleos de poboación, rexerán para todo o núcleo, salvo sinalización específica para un tramo de rúa ou zona.

4. Os sinais instalados nas entradas das zonas peonís e demais áreas de circulación restrinxida ou de estacionamento limitado, rexerán en xeral para a totalidade do viario interior do perímetro.

5. Os particulares e calquera entidade privada ou pública distinta do Concello de Burela que pretendan a instalación de sinais de circulación deberán presentar solicitude a este, na que constará o n.º e tipo de sinais a instalar, o lugar onde pretenden situálos así como os motivos que xustifiquen a súa petición e se esta ten carácter temporal ou permanente, quen resolverá a súa concesión ou denegación, requirindo previamente informe da Policía Local.

Unicamente se autorizarán sinais informativos de circulación. A súa concesión está suxeita a que, a criterio do Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico, teñan interese público e o custo de instalación e mantemento destes sinais será a cargo do beneficiario da autorización.

Artigo 18. Alteración

1. A instalación, retirada, traslado ou modificación da sinalización requirirá a previa autorización municipal.

2. Prohibese modificar o contido dos sinais ou colocar sobre eles ou á beira destes, placas, carteis, marquesiñas, anuncios, marcas ou outros obxectos que poidan inducir a confusión, reducir a súa visibilidade ou eficacia, cegar os usuarios da vía ou distraer a súa atención.

3. O Concello retirará inmediatamente toda aquela sinalización que non estea debidamente autorizada ou non cumpra as normas en vigor, e isto tanto no concernente aos sinais non regulamentarios coma se é incorrecta a forma, colocación ou deseño do sinal.

Prohíbese exhibir nas portas de entrada e saída de vehículos ou preto das mesmas, sinais, lendas ou textos de prohibición de estacionamento e/ou parada, salvo que se dispoña da correspondente autorización municipal.

Artigo 19. Orde de prioridade

1. A orde de prioridade entre os distintos tipos de sinais é o seguinte:

1º. Sinais e ordes dos axentes encargados da vixilancia do tráfico.

2º. Sinalización circunstancial que modifique o réxime de utilización normal da vía pública.

3º. Semáforos.

4º. Sinais verticais de circulación.

5º. Marcas viarias.

2. No caso de que as prescricións indicadas por diferentes sinais parezan estar en contradición entre si, prevalecerá a prioritaria, segundo a orde a que se refire o apartado anterior, ou a máis restritiva no caso de se tratar de sinais do mesmo tipo.

Artigo 20. Modificación temporal da sinalización

1. A autoridade municipal, en casos de emerxencia ou ben pola celebración de actos deportivos, culturais ou de calquera outra natureza, susceptibles de producir grandes concentracións de persoas ou vehículos, poderá modificar temporalmente a ordenación do tráfico existente e adoptar, no seu caso, todas as medidas preventivas necesarias para garantir a seguridade das persoas e vehículos e unha maior fluidez na circulación.

2. Os membros do Corpo da Policía Local de Burela, cando ao seu criterio sexa necesario modificar as circunstancias do tráfico polas circunstancias sobrevidas deste, ou para levar labores de control do tráfico ou usuarios, poderán baixo a súa responsabilidade establecer a sinalización circunstancial que sexa preciso.

3. No caso de que para a realización dunha obra ou actividade sexa necesario modificar a sinalización, esta correrá a cargo do interesado, debendo seguir as instrucións que se indiquen na autorización municipal preceptiva e vinculante. A solicitude de autorización municipal deberá presentarse cunha antelación mínima de 20 días hábiles polo interesado.

CAPÍTULO TERCEIRO: A PARADA E O ESTACIONAMENTO.

Sección Primeira: A parada

Artigo 21.

Enténdese por parada toda inmovilización dun vehículo durante un tempo inferior a dous minutos, sen que o condutor poida abandonalo. No momento en que o condutor abandone o seu posto de condución, con independencia do tempo da inmovilización non se considerará unha parada.

Non se considerará parada a detención accidental ou momentánea por necesidade da circulación nin a ordenada polos axentes da Policía local ou por circunstancias de urxencia que sexan imprevisibles e inaprazables.

Artigo 22. Lugar de parada

1. A parada deberá efectuarse de tal maneira que o vehículo non obstaculice a circulación nin constitúa un risco para o resto dos usuarios da vía, coidando especialmente a súa colocación.

En todo caso, a parada terá que facerse situando o vehículo o máis preto posible do bordo dereito segundo o sentido da marcha, aínda que en vías dun só sentido de circulación, se a sinalización non o impide, tamén poderá realizarse situando o vehículo o máis preto posible do bordo esquerdo, adoptándose as medidas necesarias para evitar o entorpecemento da circulación.

Artigo 23. Modo de parada

1. En todas as zonas e vías públicas, a parada efectuarase nos puntos onde se produzan menos dificultades na circulación.

2. Nas paradas en rúas urbanizadas sen beirarrúa, deixarase unha distancia mínima dun metro desde a fachada máis próxima.

Artigo 24. Parada de taxis e autobuses

1. O Órgano municipal competente en materia de tráfico poderá fixar paradas de Taxis nos lugares e condicións que sexan precisos. O uso destas paradas de taxi estará limitada aos vehículos con autorización

municipal do Concello de Burela. O resto de taxis poderán recoller ou deixar aos seus usuarios segundo a normativa sectorial aplicable.

2. Os autobuses, tanto de liñas urbanas como interurbanas, unicamente poderán deixar e tomar viaxeiros nas paradas expresamente determinadas ou sinalizadas pola Autoridade municipal.

3. Os Vehículos de Transporte de Conductor (VTC) precisarán de autorización municipal para poder recoller pasaxeiros no termo municipal do Concello de Burela.

Artigo 25. Prohibicións.

Ademais dos supostos xerais recollidos na normativa estatal, prohíbese a parada nos seguintes lugares e casos seguintes:

a. Onde o prohiban os sinais correspondentes.

b. En dobre fila.

c. Sobre os refuxios, illotes, medianas, zonas de protección e demais elementos canalizadores do tráfico.

d. Cando se obstaculice a utilización normal do paso de entrada ou saída ou acceso a un inmovible de persoas ou animais, ou de vehículos nun vao correctamente sinalizado.

Considerarase que o vao está correctamente sinalizado cando dispoña da placa correspondente colocada de forma visible.

e. Sobre as beirarrúas, paseos e demais zonas destinadas ao paso de peóns e zonas sinalizadas para uso exclusivo de persoas con discapacidade.

f. A menos de cinco metros dunha esquina, cruzamento, intersección ou bifurcación, salvo que a parada se poida realizar en chafráns ou fóra destes sen constituír obstáculo ou causar perigo para a circulación.

g. Nas pontes, pasos a nivel, túneles, e debaixo dos pasos elevados, salvo sinalización en contrario.

h. Nos lugares onde a detención impida a visión da sinalización aos usuarios aos que vaia dirixida ou obrigue a facer manobras.

i. Na proximidade de curvas ou cambios de rasante, cando a visibilidade sexa insuficiente para que os demais vehículos poidan pasar sen perigo ao que estea detido.

j. Nos espazos sinalizados como reservados para vehículos de servizo público, organismos oficiais e servizos de urxencia e seguridade pública.

k. Nos carrís, paradas ou pasos reservados para determinados vehículos, como autobuses de transporte público de pasaxeiros, taxis ou bicicletas.

l. Nos rebaixados da beirarrúa para o paso de persoas de mobilidade reducida.

m. Cando se obstaculicen os accesos e saídas de emerxencia debidamente sinalizadas pertencentes a colexios, edificios, locais ou recintos destinados a espectáculos ou actos públicos, nas horas da súa celebración.

n. No medio da calzada, aínda no suposto caso de que a súa anchura o permita, salvo que estea expresamente autorizado.

ñ. Nas vías públicas declaradas de atención preferente por resolución municipal, salvo que a parada se poida realizar nos chafráns.

o. Cando se impida a outros vehículos un xiro autorizado.

p. Cando produzan obstrución ou perturbación grave na circulación de peóns ou vehículos.

Sección segunda. O estacionamento.

Artigo 26. Estacionamento.

Enténdese por estacionamento toda inmovilización dun vehículo cuxa duración exceda de dous minutos, ou sempre que o condutor abandone o seu posto de condución, con independencia do tempo da inmovilización, sempre que non estea motivada por imperativo da circulación, polo cumprimento de calquera requisito.

Artigo 27. Modo de estacionamento.

1. O estacionamento deberá efectuarse de tal maneira que o vehículo non obstaculice a circulación nin constitúa un risco para o resto dos usuarios da vía, coidando especialmente a colocación do mesmo e evitando que poida poñerse en movemento en ausencia do condutor.

2. O estacionamento efectuarase de forma que permita aos demais usuarios a mellor utilización do restante espazo libre.

3. Nas vías de dobre sentido de circulación, o estacionamento cando non estivese prohibido, efectuarase no lado dereito do sentido da marcha. Prohíbese expresamente estacionar no lado esquerdo dunha rúa de dobre sentido de circulación.

4. Nas vías dun só sentido de circulación e sempre que non exista sinal en contrario o estacionamento efectuarase no sentido da marcha e en ambos os lados da calzada sempre que se deixe unha anchura para a circulación non inferior a tres metros.

Artigo 28. Tipos de estacionamento. Estacionamento con limitación temporal. Zonas de residentes. Tipos especiais de estacionamentos.

1. O estacionamento pode ser:

a. En fila ou cordón, aquel en que os vehículos están situados uns detrás doutros e de forma paralela ao bordo da beirarrúa.

b. En batería, aquel en que os vehículos están situados uns ao costado doutros e de forma perpendicular ao bordo da beirarrúa.

c. En semibatería, aquel en que os vehículos están situados uns ao costado doutros e oblicuamente ao bordo da beirarrúa.

Como norma xeral o estacionamento farase sempre en fila. A excepción a esta norma, terase que sinalizar expresamente.

2. Nos estacionamentos con sinalización no pavimento, os vehículos deberán colocarse dentro do perímetro marcado.

3. A autoridade municipal poderá ordenar e regular o estacionamento con limitación temporal, zonas de estacionamento de residentes, e tipos especiais de estacionamentos en zonas delimitadas e sinalizadas para tal fin. A regulación destes estacionamentos recóllense no Anexo I da presente Ordenanza.

Artigo 29. Maneira de estacionar

1. Os condutores deberán estacionar os vehículos tan preto do bordo como sexa posible.

2. Os vehículos de dúas rodas deberán respectar, ademais as seguintes normas de estacionamento:

a) Estacionarán en batería cun ángulo tal que, en ningún caso, ocupen máis de 1,5 metros ao longo da calzada nos lugares de libre aparcadoiro, sen prexuízo de que se existisen espazos reservados para este tipo de vehículos a menos de 100 metros deberán utilízalos inescusablemente.

b) Non poderán estacionar entre dous vehículos de forma que impidan o normal acceso a estes ou obstaculicen as manobras de estacionamento. Tampouco poderá estacionarse se se dificulta a incorporación destes vehículos á circulación.

c) Non poderán encadear ou atar estes vehículos entre si ou a calquera outro elemento non destinado para tal fin, tales como árbores, farois, postes de sinalización, bancos e demais mobiliario urbano, ou de forma que o estacionamento ocasione molestias aos demais usuarios da vía. Sen prexuízo da sanción que se poida impor pola infracción cometida, a Policía local poderá adoptar as medidas necesarias para a retirada do vehículo estacionado nestas condicións. Os gastos que se deriven da retirada do vehículo correrán por conta do responsable da infracción.

Artigo 30. Servizo colectivo

1. A autoridade municipal poderá fixar zonas na vía pública para estacionamento ou para utilización como terminais de liña de autobuses tanto de servizo urbano como interurbano, de non existir para estes últimos estación de autobuses.

2. Os vehículos destinados ao transporte de viaxeiros ou de mercadorías de calquera natureza non poderán estacionar nas vías públicas a partir da hora que a autoridade municipal determine mediante a correspondente resolución municipal.

3. Os vehículos destinados ao transporte de viaxeiros ou de mercadorías con masa máxima autorizada (MMA) superior a 3.500 Kg, así como calquera outro tipo de vehículos que polo seu volume oculten a fachada dos edificios ou poidan facilitar a escalada ao interior destes, non poderán estacionar nas vías públicas urbanas salvo nos lugares expresamente autorizados polo Concello.

Artigo 31. Remolques, caravanas.

Prohíbese o estacionamento de remolques, semirremolques e caravanas separados do vehículo tractor salvo nos lugares autorizados e sinalizados expresamente.

Artigo 32. Estacionamento de camiós, autobuses e vehículos especiais.

Prohíbese o estacionamento de vehículos con M.M.A. superior a 3.500kg o daqueles que teñan unha capacidade superior a 8 ocupantes, ademais do condutor, no casco urbano de Burela agás naqueles lugares expresamente autorizados e sinalizados, nas datas e horario establecidos segundo a sinalización existente.

Artigo 33. Prohibicións

Ademais dos supostos contemplados na normativa xenérica estatal, queda prohibido o estacionamento nos seguintes lugares e casos:

- a. Onde o prohiban os sinais correspondentes.
- b. Nun mesmo lugar da vía pública durante máis dun mes.
- c. Nas zonas sinalizadas como de reserva para carga e descarga de mercadorías, nos días e horas en que estea en vigor a reserva, agás de tratarse de vehículos de persoas con mobilidade reducida, identificados co correspondente cartón colocado na parte interior do parabrisas dianteiro, e polo tempo máximo de 30 minutos.
- d. Nas zonas reservadas para estacionamento de vehículos de servizo público e organismos oficiais, servizos de urxencia ou policía.
- e. Cando o vehículo estacionado deixe para a circulación rodada unha anchura libre inferior a dun carril de tres metros.
- f. Nas rúas de dobre sentido de circulación nas cales a anchura da calzada só permita o paso de dúas columnas de vehículos.
- g. Cando se obstaculice a utilización normal dos pasos rebaxados para persoas de mobilidade reducida.
- h. En condicións que dificulten a saída doutros vehículos estacionados regulamentariamente.
- i. Nos lugares habilitados pola autoridade municipal como de estacionamento con limitación horaria, sen colocar o distintivo que o autoriza de maneira que sexa totalmente visible e lexible desde o exterior, no caso de que sexa necesaria a utilización deste tipo de distintivos segundo a regulación do tramo con limitación horaria.
- j. Nos lugares habilitados pola autoridade municipal como de estacionamento con limitación temporal, cando se manteña estacionado o vehículo en exceso sobre o tempo máximo permitido pola Ordenanza reguladora desta clase de estacionamento.
- k. Diante dos lugares reservados para colectores do servizo municipal de limpeza, impedindo ou dificultando o acceso a eles ou a súa retirada.
- l. De forma distinta a como se indica nas marcas e liñas de estacionamento ou fóra dos límites do perímetro marcado.
- m. En dobre fila, en calquera suposto.
- n. Vehículos en exposición, exhibindo carteis para a súa venda en vía pública.
- ñ. Na calzada, de maneira diferente á determinada nesta Ordenanza e demais normativa vixente aplicable.
- o. Nos lugares debidamente sinalizados temporalmente con tal prohibición, debido a actos públicos, festas, mercados ou feiras de carácter tradicional, obras, acontecementos deportivos ou outros de análoga natureza.
- p. Onde estea prohibida a parada.
- q. Nos vaos, sinalizados como tales mediante placa de licenza municipal, ocupándoos total ou parcialmente.
- r. Nas zonas delimitadas e sinalizadas como de estacionamento de residentes, sen cumprir coas obrigas establecidas regulamentariamente.
- s. Nas zonas delimitadas e sinalizadas como de estacionamentos especiais, recollidas no Anexo I desta ordenanza, sen cumprir coas obrigas establecidas regulamentariamente.

Sección terceira. Persoas con mobilidade reducida.**Artigo 34. Tarxetas de persoas con mobilidade reducida.**

1. O Concello de Burela expedirá a tarxeta de estacionamento para persoas con diversidade funcional e/ou mobilidade reducida segundo o modelo determinado regulamentariamente. A citada tarxeta permitiralle ao condutor do vehículo autorizado estacionar nos lugares reservados para persoas con diversidade e/ou mobilidade reducida. Tamén permite o estacionamento en zonas sinalizadas como de carga e descarga, no seu horario de uso, durante un tempo máximo de 30 minutos.

2. A tarxeta deberá estar exposta de forma claramente visible na parte dianteira do vehículo, polo interior do parabrisas.

3. O Órgano municipal competente poderá establecer e sinalizar limitacións horarias de estacionamento nos lugares destinados a estacionar vehículos de persoas con diversidade e/ou mobilidade reducida.

TÍTULO SEGUNDO. DAS ACTIVIDADES NA VÍA PÚBLICA.

CAPÍTULO PRIMEIRO. OBRAS

Artigo 35. Vaos Provisionais ou de Obras e Colectores de carga e descarga.

1. Nas obras de construción ou remodelación de edificacións, o Concello poderá autorizar:

a) Vaos provisionais, a condición de que se dispoña dun espazo no interior do soar ou inmovible, susceptible de ser utilizado para realizar labores de carga e descarga.

b) Reservas de espazo provisionais na vía pública, cando carezan de espazos interiores suficientes, para realizar actividades de carga e descarga ou colocación de colectores para materiais de construción ou retirada de cascallos e similares.

2. Para a concesión da licenza de ocupación de dominio público, para a colocación dun colector ou contedor no dominio público, deberá contar previamente co título habilitante para a execución da obra prevista, tendo que ser solicitada con quince días de antelación a data de ocupación, achegando a seguinte documentación:

- Datos identificativos do interesado/a.
- Poder de representación si é o caso de persoa xurídica.
- Copia do título habilitante para as obras ou indicar o núm do expediente.
- Plano en planta da ocupación prevista, indicando os elementos existentes (árbores, bancos, farolas, semáforos, etc...
- Indicar os metros cadrados da ocupación prevista.
- Data da ocupación prevista.
- Duración da ocupación prevista.
- Xustificante de pago dos tributos municipais.

5. Cando por razóns de interese público se deban realizar obras, operacións de limpeza ou acontecementos de índole diversa, limitarase o uso ou goce da licenza ou autorización concedida, cando así se requira.

Artigo 36. Estadas, guindastres, estruturas de obras e maquinaria para construción, mantemento ou rehabilitación de edificios.

1. A súa instalación, con independencia da obtención de cantas outras licenzas ou permisos requira deberá ser comunicada ao Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico cunha antelación mínima de 15 días hábiles. Dito órgano establecerá as condicións de instalación e determinará as medidas oportunas para reorganizar o tráfico de persoas e vehículos pola zona afectada. A sinalización e a adopción das medidas requiridas será por conta do promotor ou executante da obra ou montaxe.

2. A autorización outorgarase trala acreditación da obtención da correspondente licenza de obras ou comunicación previa de obra, e por un período nunca superior ao prazo autorizado para execución das mesmas.

3. En todo caso, e sen prexuízo de aplicación da normativa técnica e de seguridade específica, a instalación que se pretenda executarase cumprindo os seguintes requisitos.

a) Cando se produza a ocupación dos itinerarios peonís accesibles, na beirarrúa ou zona de paso de peóns, establecerase un paso integrado ou alternativo de 1,80m, tal como establece a ordenanza municipal de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas. Eliminación de barreiras- BOP Núm 104, Sábado, 09 de Maio de 2015. Título XI. Obras e intervencións na vía pública.

b) Este paso estará adecuadamente protexido e independizado tanto da obra como do tráfico de vehículos, incluso mediante a colocación dun teito que protexa contra a posible caída de obxectos ou materiais e dotado de iluminación durante a noite e cando pola súa construción quede privado de iluminación exterior.

c) Deberá garantirse a seguridade dos peóns mediante a colocación de elementos protectores nos salientes das estruturas.

CAPÍTULO SEGUNDO. OBSTÁCULOS NA VÍA PÚBLICA.

Artigo 37. Elementos móbiles e fixos.

1. Queda prohibida a colocación de elementos móbiles ou fixos na vía pública, entre outros, postes, morróns, arcos, soportes para colocar testos ou similares, calquera que sexa a súa finalidade, sen obter a previa autorización municipal.
2. A ocupación da vía pública por colectores de lixo, de limpeza viaria ou de reciclaxe, entre outros, realizarase naqueles puntos determinados pola autoridade municipal, procurándose a súa colocación nas zonas non destinadas a circulación de vehículos ou viandantes. Non se poderán colocar en pasos de peóns ou espazos reservados para determinados usuarios, agás zonas de carga e descarga. Cando se considere conveniente pola autoridade competente, cercarase o lugar de colocación mediante elementos fixos, que eviten sexa alterada a súa localización.
3. Queda prohibido cambiar de localización os colectores, ciclomotores ou motocicletas, co obxecto de aparcar vehículos no lugar destes.
4. Non poderán colocarse obstáculos sobre a vía pública para reservarse o uso desta .

Artigo 38. Retirada de obstáculos.

1. A autoridade municipal poderá ordenar a retirada de obstáculos na vía pública cando:
 - a) Non se obtivese a correspondente autorización.
 - b) Entrañen perigo para os usuarios da vía.
 - c) A súa colocación deveña inxustificada.
 - d) Transcorrera o tempo autorizado ou non se cumpriran as condicións fixadas na autorización.
 - e) Estímese conveniente atendendo ao interese xeral.
2. Os seus responsables virán obrigados á retirada dos obstáculos colocados cando así sexan debidamente requiridos para iso, e de non facelo no prazo concedido, serán desmontados polos empregados municipais, empresa ou servizo contratado polo concello, repercutindo á conta dos responsables da ocupación, os gastos que se produciron.

CAPÍTULO TERCEIRO. CARGA E DESCARGA.

Artigo 39. Carga e descarga

1. A autoridade municipal poderá establecer e sinalizar zonas para a realización das operacións de carga e descarga.

En tal suposto, queda prohibido efectuar as devanditas operacións dentro dun radio de acción de cincuenta metros a partir da zona reservada.
2. Poderá facer uso das reservas de estacionamento para carga e descarga calquera vehículo que cumpra coas condicións que se establecen nos artigos seguintes, sempre que estea destinado ao transporte de mercadorías ou dispoña da debida autorización.
3. O Concello, atendendo a circunstancias de situación, proximidade a zonas de estacionamento regulado e con limitación temporal, ou frecuencia de uso, poderá establecer regulacións específicas para a realización de operacións de carga e descarga.
4. A carga e descarga en situacións ou para servizos especiais (amoblamento, mudanzas, operacións esporádicas e excepcionais) que afecte á circulación ou ao estacionamento, deberá ser obxecto de autorización polo Concello.
5. O condutor do vehículo empregado para o transporte de mercadorías ou obxectos a cargar ou descargar será o responsable directo do cumprimento das obrigas e normas establecidas nesta ordenanza neste capítulo.
6. Prohíbese a carga e descarga entre vehículos na vía pública.
7. Fóra do horario de carga e descarga establecido na sinalización correspondente o réxime de estacionamento será o xeral para o tipo de rúa no que se atope.

Artigo 40. Vehículos dedicados

1. Son legalmente habilitados para dita función os definidos no Anexo II do Real Decreto 2822/1998 de 23 de decembro polo que se aproba o Regulamento Xeral de Vehículos, baixo as denominacións de Camión, Furgón/Furgoneta, Vehículo Acondicionado, Derivado de Turismo e Vehículo Mixto Adaptable, ou os equivalentes no caso de modificación da normativa citada.

2. O peso dos vehículos de transporte que realicen operacións de carga e descarga axustaranse ao disposto pola vixente Ordenanza. No entanto, a Alcaldía poderá limitar en función da capacidade de determinadas vías.

3. Excepcionalmente, permítese a utilización das zonas sinalizadas como carga e descarga para vehículos particulares, sempre e cando o condutor non abandone o posto de condución, para a subida e baixada de pasaxeiros ou para cargar e descargar mercadorías por terceiras persoas e por un tempo máximo de 15 minutos. No caso de que sexa necesario empregar esta zona por vehículos de transporte de mercadorías, os vehículos particulares mencionados neste parágrafo deberán deixar libre a mesma.

Artigo 41. Cartón de carga e descarga.

1. O Órgano competente poderá habilitar un cartón para vehículos autorizados ao transporte que polas súas características non teñan posibilidade de obter o cartón correspondente. Os vehículos haberán de ter características comerciais e/ou de transporte mixto, de dous asentos. A súa actividade, en todo ou en parte, terá que desenvolverse no termo municipal.

2. O Órgano competente poderá habilitar un cartón para vehículos de titulares de establecementos comerciais, de ocio ou entretemento, hostalaría e semellantes, que permitirá estacionar unicamente na zona de carga e descarga máis próxima ao seu establecemento. Só se poderá outorgar un cartón por cada negocio, e estará vinculado a un vehículo concreto, expresando a súa placa de matrícula así como a zona de carga e descarga autorizada. O tempo máximo de estacionamento será de 15 minutos.

3. Para conceder o cartón mencionado nos apartados anteriores deberán achegarse os seguintes documentos:

a. Alta no imposto sobre actividades económicas.

b. Permiso de circulación do vehículo.

c. Inspección técnica do vehículo (ITV) en vigor.

d. Seguro en vigor do vehículo.

d. No relativo aos cartóns do número 2 anterior, deberá achegarse copia do título habilitante do negocio, DNI do seu titular, e indicar a carga e descarga para a que solicita autorización.

Artigo 42. Manobra de carga e descarga.

1. A carga e descarga de mercadorías realizarase preferentemente no interior dos locais comerciais e industriais, sempre que reúnan as condicións adecuadas, cando as características de acceso dos viarios o permita. Cando isto non sexa posible, realizarase nas zonas da vía pública reservadas para este fin, dentro do horario reflectido na sinalización correspondente.

2. A carga e descarga na vía pública fóra das zonas reservadas unicamente permitirase nos días, horas e lugares que autoricen especialmente o Concello.

3. Queda expresamente prohibida a carga e descarga nos lugares e supostos seguintes:

a) Na vía pública, cando exista lugar habilitado para iso dentro dos establecementos.

b) Superando o tempo máximo autorizado.

c) Depositando mercadorías nas vías, beirarrúas, beiravías e zonas peonís.

d) Fóra do horario habilitado pola autoridade municipal para tal fin.

e) Dentro dun radio de acción de cincuenta metros a partir dunha zona sinalizada para a realización das operacións de carga e descarga.

3. As operacións de carga e descarga efectuaranse pola parte correspondente á beirarrúa ou pola parte traseira do vehículos.

Artigo 43. Disposicións sobre carga e descarga

A Alcaldía poderá ditar disposicións que regulen as seguintes materias:

a) Delimitación e sinalización das zonas de carga e descarga.

b) Restricións de peso e dimensións dos vehículos para determinadas vías.

c) Horario permitido para realizar as operacións de carga e descarga, en relación coa problemática propia das diferentes vías e barrios.

d) Servizos especiais para realizar operacións de carga e descarga, con expresión de días, horas e lugares.

e) Autorizacións especiais para:

1. Camións de 12,5 toneladas ou máis.

2. Vehículos que transporten mercadorías perigosas.

3. Outras.

Artigo 44. Vehículos pesados.

Os camiões de transporte superior a 12,5 toneladas poderán cargar e descargar exclusivamente en:

a) Intercambiadores de mercadorías ou lugar destinado polo Concello para iso.

b) No interior de locais comerciais e industriais, sempre que reúnan as condicións adecuadas, e utilizando traxectos previamente autorizados pola autoridade municipal.

Precisarase autorización especial para aqueles casos específicos nos que non poidan acollerse ao anterior.

Artigo 45. Material descargado.

As mercadorías, os materiais ou as cousas que sexan obxecto da carga e descarga non se deixarán na vía pública, senón que se trasladarán directamente do inmovible ao vehículo ou viceversa, salvo en casos excepcionais que deberán ser expresamente autorizados e contar coa preceptiva licenza para a ocupación da vía pública, atendendo en todo caso ás condicións que determina a presente Ordenanza sobre realización e balizamento de obras na vía pública.

Artigo 46. Precaucións.

As operacións de carga e descarga terán que realizarse coas debidas precaucións para evitar rúidos innecesarios e coa obrigaón de deixar limpa a vía pública.

As carretillas de carga utilizadas para a distribución da carga aos establecementos deberán dispor de rodas de material que evite os danos no pavimento.

Artigo 47. Tempo máximo.

1. As operacións de carga e descarga deberán efectuarse con persoal suficiente para terminalas o máis rapidamente posible, sendo o límite de tempo autorizado para cada operación, con carácter xeral, de trinta minutos. Excepcionalmente a autoridade municipal poderá autorizar un período maior de tempo, previa solicitude debidamente xustificada e para unha operación en concreto.

2. Non se permite a permanencia de vehículos estacionados nas zonas habilitadas para carga e descarga que non estean a realizar esta actividade, aínda que se trate do tipo de vehículos autorizados para estacionar nestas zonas.

Artigo 48. Carga e descarga de combustibles líquidos e gases licuados.

1. A descarga de combustible que se efectúe como aprovisionamento das estacións de servizo situadas nas vías obxecto da presente ordenanza, aínda que se realice dende a vía pública, non está suxeita ao cumprimento de limitacións de peso para os vehículos nin dos horarios establecidos con carácter xeral para carga e descarga, sempre que se realicen entre as 08:00 e as 22:00 horas. Regularase polas normas específicas que resulten de aplicación en función do tipo de produto transportado e para os efectos de tráfico e circulación de vehículos respectarán as normas xerais de circulación, evitando entorpecer a utilización normal e en condicións de seguridade da vía polos demais usuarios.

2. A descarga de combustibles con destino a establecementos ou inmoables que deba realizarse dende a vía pública, para os efectos exclusivamente de tráfico e sen prexuízo da observancia das normas específicas que resulten de aplicación polo tipo de produto transportado, realizarase tendo en conta as seguintes regras:

a) As subministracións que deban efectuar en zonas peonís terán que ser realizadas de 08:00 a 10:00 horas. Fóra deste período de tempo precisarán de autorización expresa con indicación de horario en que se autorizan ditos labores.

b) Nas vías onde a descarga se poida realizar dende zona de estacionamento autorizado, poderase facer en horario comprendido entre as 08:00 e as 22:00 horas.

c) Cando a descarga se realice en vías que sexa preciso cortar o tráfico ou o vehículo teña que situarse fóra de zona de estacionamento autorizado ou en forma que afecte notablemente ao resto da circulación, precisarán de autorización previa por parte da autoridade municipal con determinación do horario máis adecuado para a súa execución.

3. A descarga de gases licuados dende cisternas realizarase nos mesmos termos que os combustibles líquidos.

4. O reparto domiciliario de bombonas ou recipientes de gas licuado realizarase dende os lugares da vía que resulten máis adecuados, respectando en todo caso as normas de circulación, parada e estacionamento que resulten esixibles.

CAPÍTULO CUARTO. MUDANZAS

Artigo 49. Normas xerais en relación ás mudanzas.

1. As operacións de carga e descarga por motivo de mudanza que precisen a instalación de vehículos en zonas reservadas ou suxeitas a limitacións de calquera clase, que afecten ao tráfico de persoas ou vehículos ou que precisen a instalación de equipos complementarios, requirirán a concesión de autorización previa por parte do Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico.
2. Dita autorización tramitarase mediante solicitude presentada cunha antelación mínima de quince días hábiles antes da data en que se pretende o inicio dos traballos, na que constará a actividade para a que se solicita permiso, a localización dos vehículos e elementos complementarios que se pretenden utilizar, o tempo de duración dos traballos, a data de inicio e horario da reserva solicitada.
3. O Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico, tras informe da Policía Local, resolverá sobre a concesión e as condicións a impoñer.
4. A prohibición de estacionamento na zona reservada, a delimitación desta e o horario de inicio da mesma sinalizárase debidamente polo solicitante con polo menos 48 horas de antelación ao comezo dos traballos, quedando obrigado a dar comunicación á Policía Local, para os efectos de comprobación de que a mesma se axusta á normativa e condicións da autorización.
5. Aqueles vehículos que fosen estacionados na zona delimitada con posterioridade á colocación da sinalización e permanezan nela ao comezo da vixencia da prohibición poderán ser denunciados pola Policía Local de Burela e retirados polos servizos municipais.

TÍTULO TERCEIRO: UTILIZACIÓN PRIVATIVA DA VÍA PÚBLICA.

CAPÍTULO PRIMEIRO. AUTORIZACIÓNS PARA ENTRADA E SAÍDA DE VEHÍCULOS (VAOS)

Artigo 50. Vaos.

1. Está suxeito a obtención de licenza municipal o acceso de vehículos ao interior de inmobles cando sexa necesario cruzar beirarrúas ou outros bens de dominio e uso público ou que supoña un uso privativo ou unha especial restrición do uso que corresponda a todos os cidadáns respecto de todos os bens ou impida o estacionamento ou parada doutros vehículos na fronte polo que se realiza o acceso.
2. As licenzas que se concedan ao abeiro do presente artigo denominaranse vaos.
3. Os vaos que se concedan terán como finalidade exclusiva a de permitir o libre acceso de entrada e saída de vehículos do inmoble, solar, parcela ou recinto para o que se solicitan. Queda prohibido solicitalos ou utilízalos unha vez concedidos con finalidade distinta da anterior, e, especialmente o seu uso como reserva de estacionamento con fins comerciais ou para o seu titular.
4. As licenzas de vao permanente en vías ou zonas peonís só se concederán en casos excepcionais e debidamente motivados.

Artigo 51. Obrigas do titular do vao.

Ao titular do vao ou á comunidade de propietarios correspondente, seranlle de aplicación as seguintes obrigacións:

- a) A limpeza dos accesos ao inmoble de graxa, aceites ou outros elementos producidos como consecuencia da entrada e saída de vehículos.
- b) Colocar os sinais de vao permanente en zona visible da porta de entrada ou saída do inmoble, solar ou no seu lintel ou cercado perimetral adxacente.
- c) A abonar os gastos que ocasione a sinalización, así como as actuacións ou obras necesarias, nos termos da presente Ordenanza.

Artigo 52. Autorización.

1. A autorización de entrada e saída de vehículos será concedida pola Alcaldía ou Concellería delegada competente, a proposta dos servizos municipais correspondentes.
2. A autorización de entrada e saída de vehículos poderá ser solicitada polos propietarios e os posuidores lexítimos dos inmobles aos que se haxa de permitir o acceso, ou achegando o contrato de alugamento do inmoble, local, solar ou actividade, así como polos promotores ou contratistas, no suposto de obras. Tamén poderá ser tramitada de oficio polo Concello de Burela cando se comprobe a utilización dun espazo como de aparcamento de vehículos e sexa preciso vadear a beirarrúa ou acceder por un espazo peonil.
3. Cada licenza amparará o punto ou puntos de acceso que se indiquen na solicitude de entrada e saída de vehículos. Nos inmobles, locais, solares, ou recintos que dispoñan de máis dunha porta apta para o seu uso como tal, os solicitantes deberán facer constar na súa solicitude para cal delas solicitan a licenza de vao permanente, ou se é para todas.

4. Toda concesión de licenza de vao requirirá a previa tramitación dun expediente de licenza de ocupación de dominio público, o cal poderá iniciarse de oficio ou a petición dos interesados/as.

5. Vaos para inmoables e Vaos para solares.

a) Si é o caso de Vao para acceso a Inmoables, ou locais, deberá achegar a seguinte documentación:

- Datos identificativos do interesado/a.
- Poder de representación si é o caso de persoa xurídica.
- Dirección completa para onde se solicita o Vao e Referencia Catastral.
- Documentación acreditativa de ser titular do inmoable, ou contrato de alugamento.
- Plano acoutado e a escala, indicando o ancho do vao solicitado.
- Fotos da fachada do inmoable ou local, para o que se solicita o vao.
- Plano en planta do garaxe indicando o núm de prazas de aparcadoiro.
- Copia da Comunicación Previa da Primeira Ocupación ou Licenza de Primeira Ocupación, cando nela conste expresamente o uso de garaxe ou a zona reservada de aparcadoiro.
- Si é o caso de non constar na Comunicación Previa da Primeira Ocupación, ou Licenza de Primeira Ocupación, o uso ou reserva de prazas de aparcadoiro, ou garaxe, deberá presentar Comunicación Previa de Cambio de uso NON característico, con ou sen obra, (achegando memoria xustificativa redactada por técnico competente, solicitando o uso de garaxe, plano en planta indicando prazas de aparcamento, sección e alzado, previo a concesión de vao).
- Si é o caso dunha actividade, para a cal teñan que acceder vehículos dentro dos locais, deberá presentar a Comunicación Previa de Inicio da Actividade, ou Licenza de Actividade, onde conste expresamente a necesidade de entrada e saída de vehículos.
- Xustificante de pago dos tributos municipais.

b) Si é o caso de Vao para acceso a solares, previamente deberán estar amurallados, pechados ou delimitados en todo o seu perímetro, dispoñendo dunha entrada e saída, debidamente sinalada, axustándose ás condicións legais de valado de solares, segundo a ordenanza de aplicación establecida polo PXOM (A.D. DOGA, núm 64, de 2 de abril de 2014 - BOP, núm 86, de lunes, 14 de abril de 2014), e Ordenanza Municipal de Regulación de Valados de Parcelas, Valados Vexetais e Plantacións de Sebes, Arbustos e Árbores Ornamentais, (Bop_ Núm 200- martes, 31 de agosto de 2021), ou calquera outra Ordenanza ou Norma que sexa de aplicación.

Queda totalmente prohibido o almacenamento de escombros de calquera clase, enseres ou refugallos, tendo que estar os solares en condicións aceptables de limpeza.

Asemade, deberá estar o solar en condicións para o uso tanto de vehículos coma de peóns, dispoñendo dun pavimento estable e sen fochancas, limpo de maleza ou refugallos, debendo achegar ademais a seguinte documentación:

- Datos identificativos do interesado/a.
- Poder de representación si é o caso de persoa xurídica.
- Dirección completa para onde se solicita o Vao e Referencia Catastral.
- Documentación acreditativa de ser titular do solar, ou contrato de alugamento.
- Plano acoutado e a escala, indicando o ancho do vao solicitado.
- Fotos da entrada o solar, para o que se solicita o vao.
- Plano en planta do solar indicando o núm de prazas de aparcadoiro e zonas de circulación.
- Xustificante de pago dos tributos municipais.

6. Cambio de Titularidade de Vaos.

Deberán respectarse as condicións para as que foi concedido o vao.

Documentación que deberá achegar para o cambio de titularidade:

- Datos identificativos do interesado/a.
- Poder de representación si é o caso de persoa xurídica.
- Dirección completa do Vao e Referencia Catastral.
- Documentación acreditativa de ser titular do solar ou terreo, ou contrato de alugamento.

- Número do Expediente da concesión da licenza de ocupación para Vao, ou datos identificativos do titular do vao.
- Declaración Responsable conforme se manterá o uso para o que foi concedido o Vao.
- Xustificante de pago dos tributos municipais.

Artigo 53. Tipos de vaos.

As autorizacións para entradas e saídas de vehículos poden ser dos seguintes tipos:

- a. Reserva especial de espazo na vía pública para a entrada e saída de vehículos a garaxes particulares de vivendas, terreos, recintos particulares ou garaxes de comunidades de propietarios para uso exclusivo das vivendas a través de beirarrúas ou de terreos de uso público.
- b. Reserva especial de espazo na vía pública para a entrada e saída de vehículos a garaxes públicos a través de beirarrúas ou de terreos de uso público.
- c. Reserva especial de espazo na vía pública para a entrada e saída de vehículos a garaxes ou accesos a establecementos industriais e comerciais.

Artigo 54. Sinalización.

1. As entradas e saídas de vehículos que se autoricen sinalizaranse e delimitarán simultaneamente con dous tipos de sinais:

a) Vertical: placa de prohibición de estacionamento axustado ao modelo oficial, que será facilitada polo Concello previo aboamento das taxas correspondentes.

A placa deberá instalarse en zona visible da porta de entrada ou saída do inmovible, ou no seu lintel ou cercado perimetral adxacente, preferentemente no lateral dereito ou na súa falta, na zona central superior da fachada da porta. Excepcionalmente, naqueles inmovibles con accesos de longo percorrido, permitirase que se coloque en barra vertical ou noutro elemento de sustentación.

Cando exista máis dunha porta de entrada nun mesmo garaxe ou recinto, a sinalización deberá colocarse de forma que exprese inequivocamente cal delas é a beneficiaria da licenza de vao permanente.

b) Horizontal: franxa amarela de lonxitude correspondente á do ancho da entrada, pintada no bordo ou na calzada xunto ao bordo. No caso de que, ben a petición do interesado ou ben de oficio, e en todo caso previo informe da Policía Local de Burela, sexa necesario para garantir a seguridade viaria ou a entrada e saída de vehículos do inmovible, a sinalización horizontal ampliarase o que sexa necesario máis aló do ancho da entrada do inmovible, o que se repercutirá nas taxas correspondentes segundo a ordenanza fiscal en vigor. Se for necesario colocar elementos que obstaculicen o paso de vehículos para garantir o ancho total do vao, o coste dos mesmos será a cargo do solicitante.

No caso de que o interesado necesite realizar algunha obra de adaptación do vao deberá pedir o correspondente permiso de obra.

2. A construción, mantemento, modificación ou supresión das entradas e saídas de vehículos, así como das reservas especiais de espazo solicitadas correrá a cargo do propietario e/ou beneficiario.

Cando a placa de sinalización presente signos visibles de deterioración o suxeito pasivo está obrigado á súa substitución, para o cal poderá solicitar unha nova no Concello de Burela, aboando o importe establecido na ordenanza fiscal aplicable.

O pintado de amarelo da beirarrúa, de obrigado cumprimento, levarase a cabo polos servizos municipais do Concello, logo do pagamento da taxa correspondente.

Artigo 55. Responsabilidade polo uso

Os danos ocasionados en beirarrúas con motivo do uso especial que comporta a entrada e saída de vehículos con ocasión da autorización concedida serán responsabilidade dos titulares da devandita autorización, quen virán obrigados á súa reparación, a requirimento da autoridade municipal, dentro do prazo que para o efecto se outorgue. O incumprimento desta obrigación dará lugar á execución forzosa nos termos regulados na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas ou norma que a substitúa.

Artigo 56. Suspensión de autorización

O Concello poderá suspender temporalmente, por razóns do tráfico, obras en vía pública ou outras circunstancias extraordinarias, para os efectos da autorización de entrada e saída de vehículos.

Artigo 57. Revogación

As autorizacións poderán ser revogadas polo órgano que as ditou nos seguintes casos:

- a) Por ser destinadas a fins distintas para as que foron outorgadas.

- b) Por desaparecer as causas ou circunstancias que deron lugar ao seu outorgamento.
- c) Por non aboar a cota anual correspondente.
- d) Por incumprir as condicións relativas aos horarios ou carecer da sinalización adecuada.
- e) Por causas motivadas relativas ao tráfico ou circunstancias da vía pública.

A revogación da autorización dará lugar á obrigação do seu titular de retirar a sinalización, repoñer o bordo da beirarrúa ao seu estado inicial e entregar a placa identificativa no Concello.

O expediente de revogación iniciárase de oficio ou a instancia de parte.

Artigo 58. Baixa ou anulación do vao

Cando se solicite a baixa ou anulación da autorización de entrada de vehículos que viña gozando, o seu titular deberá entregar a placa nos servizos municipais correspondentes, así como pagar as taxas derivadas dos traballos de devolución da rúa e beirarrúa ao seu estado inicial, segundo se recolla na ordenanza fiscal ao respecto.

CAPÍTULO SEGUNDO. RESERVAS DE ESPAZO NA VÍA PÚBLICA.

Artigo 59. Normas xerais.

1. Non se establecerán nin autorizarán reservas de estacionamento ou parada de vehículos nas vías públicas que teñan carácter privativo ou particular, salvo o previsto para as licenzas de vao e para as reservas de baixada e subida de pasaxeiros en hoteis ou aloxamentos.
2. Unicamente poderán establecerse ou autorizarse aquelas que veñan determinadas ou requiridas pola prestación de servizos públicos ou oficiais.

Artigo 60. Reservas de estacionamento para hoteis ou aloxamentos.

1. O Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico poderá conceder reservas de estacionamento aos hoteis ou aloxamentos de forma privativa para o uso como punto de baixada e subida dos viaxeiros aloxados neles e carga e descarga das súas equipaxes.
2. Soamente se concederán reservas do tipo previsto no punto anterior a aqueles establecementos que cumpran as seguintes condicións:
 - a) Dispoñer de unha capacidade de máis de 15 cuartos.
 - b) Que o propio establecemento non dispoña de un espazo propio que poida ser utilizado para tal fin, sen que se considere como tal o garaxe do mesmo.
 - c) Que non se encontre situado nunha vía peonil, cerrada ao tráfico de calquera forma ou con prohibición ou inexistencia de estacionamento.
 - d) Que non existan áreas de estacionamento, público ou privado, a unha distancia inferior a 50 metros da porta de entrada ao hotel ou aloxamento, distintas da zona de estacionamento que poida existir na propia rúa en que estea situado este.
3. As reservas desta clase serán sempre dunha praza de estacionamento para un vehículo tipo “Turismo” cunha lonxitude máxima de 6 metros para cada establecemento independente, para situar o máis preto posible da porta de acceso principal ao mesmo. Non se considerarán establecementos independentes aqueles que aínda que a actividade se exerza en inmobles individuais, estes pertencen a un mesmo titular ou sexan xestionados pola mesma dirección e urbanisticamente sexan lindeiros.
4. As reservas deste tipo poderán ser suprimidas temporalmente por obras en vía pública ou outras circunstancias extraordinarias. A súa revogación definitiva e supresión de sinalización nos supostos de baixa ou anulación rexeráse polo disposto no capítulo anterior para os vaos permanentes en canto lles poida resultar de aplicación.
5. As autorizacións de reserva outorgaranse sempre con carácter discrecional, non creando dereitos subxectivos a favor dos seus titulares e poderán ser modificadas ou suprimidas polo Órgano de Goberno Municipal competente cando o requiran as necesidades do tráfico ou o interese público.

Artigo 61. Expediente para a autorización das reservas para entrada e saída de vehículos.

1. A concesión das reservas para hoteis e aloxamentos requirirá a tramitación previa dun expediente de concesión o cal poderá iniciarse de oficio ou a petición dos interesados e ha de acompañarse da documentación, tanto técnica como doutro tipo, esixida polo Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico incluíndo en todo caso informe de Policía Local.

Artigo 62. Sinalización e vixilancia das reservas.

1. A sinalización será a cargo do solicitante e consistirá na instalación en forma facilmente visible para todos os usuarios do sinal vertical R-308 cun panel complementario co texto “Excepto servizo clientes Hotel

Máximo 15 minutos” e o pintado de liña amarela en zigzag no tramo de vía obxecto de reserva con texto branco no seu interior coa lenda “Hotel”.

2. O solicitante queda obrigado a prestar a colaboración necesaria coa Policía Local e a adoptar as medidas que lle sexan esixidas polo Órgano de Goberno Municipal competente en materia de tráfico para facer que o uso da reserva se faga exclusivamente polos seus clientes.

Artigo 63. Reservas e tarxetas de estacionamento restrinxidas a uso oficial

1. O Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico poderá establecer na vía pública zonas reservadas para estacionamento de vehículos pertencentes a entidades ou organismos oficiais, fronte á súa sede ou no lugar que resulte máis adecuado, sempre que as condicións da mesma o permitan.

2. Cando os vehículos pertencentes a ditos organismos non dispoñan de distintivos ou rotulación que os identifique, deberán dispoñer dunha tarxeta ou documento equivalente que acredite a súa pertenza ou adscrición ao servizo ou órgano beneficiario do estacionamento reservado e que será colocada polos seus condutores no interior, en lugar visible, cando fagan uso do referido estacionamento na súa condición de usuarios autorizados.

3. Ditas tarxetas ou autorizacións poderanse expedir directamente pola autoridade ou xefatura que exerza a dirección da entidade ou organismo beneficiario da reserva, ou, despois de solicitude para o efecto, facilitadas pola Policía Local. A súa función será unicamente identificadora para os efectos de exercer o dereito de estacionamento na zona reservada, carecendo de calquera validez ou efecto fóra da mesma. A súa emisión unicamente se poderá realizar cando exista zona de estacionamento reservado debidamente delimitada e sinalizada.

4. O concello de Burela poderá expedir tarxetas para uso exclusivo de determinados colectivos esenciais, como servizos sanitarios, que lles permitirán utilizar como zonas de estacionamento as sinalizadas como carga e descarga ou outras que así se determinen na concesión destas tarxetas.

5. Os vehículos oficiais das Forzas e Corps de Seguridade, quedan autorizados a estacionar en calquera das reservas de estacionamento restrinxido creadas ao abeiro do presente artigo.

Artigo 64. Reservas de estacionamentos a condutores con discapacidade.

1. O Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico determinará os lugares da vía pública que se destinarán a estacionamento reservado para vehículos conducidos por persoas con discapacidade, previndo especificamente a dotación de prazas nas zonas céntricas e naquelas en que se atopen situados servizos públicos ou administrativos.

2. A petición dos interesados poderá crear prazas en zonas que, sen ser de concorrencia pública notoria, sexan necesarias para facilitar o estacionamento do solicitante no seu domicilio. Estas prazas en ningún caso poderán ser consideradas privativas do solicitante e poderán ser utilizadas por calquera outro usuario que dispoña de tarxeta acreditativa de discapacidade. Poderán ser suprimidas cando cese o motivo que xustificou a súa creación.

3. As prazas reservadas para este tipo de usuarios unicamente poderán ser utilizadas para o estacionamento de vehículos conducidos ou ocupados por persoa (ou persoas) afectada e titular da tarxeta.

4. O Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico poderá establecer limitación do tempo de estacionamento máximo continuado en todas ou algunhas das prazas reservadas a persoas con discapacidade. Esta limitación non poderá ser inferior a 30 minutos.

Artigo 65. Paradas de taxis, servizos de emerxencias, transporte público e escolar.

O Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico poderá establecer zonas destinadas á parada ou estacionamento de vehículos de servizo público destinados á prestación de servizos de interese xeral. Especificamente establecerá os lugares da vía pública que se destinarán a Parada de Taxis así como a capacidade dos mesmos en cada caso, as zonas reservadas a ambulancias e fixará os espazos que considere necesarios para parada de transportes colectivos de viaxeiros tanto de servizo urbano como interurbano e escolar. Os vehículos destinados ao transporte de viaxeiros non poderán parar nin estacionar nas vías urbanas, salvo nos lugares expresamente autorizados e sinalizados para o efecto.

CAPÍTULO TERCEIRO. ACTIVIDADES AUDIOVISUAIS.

Artigo 66. Concepto e autorización.

1. Son actividades audiovisuais as de rodaxe ou gravación de películas de cine, programas de televisión, documentais, anuncios publicitarios, vídeos, reportaxes fotográficas ou calquera outro produto audiovisual que se desenvolva na vía pública.

2. Estarán suxeitas a autorización todas aquelas actividades que implican o acoutamento de espazos públicos, a instalación no espazo de elementos propios das gravacións ou a limitación do tránsito peonil ou rodado. As autorizacións para a realización destas actividades deberán ser concedidas polo Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico, que determinará as condicións en que haberá de

realizarse a actividade en canto a duración, horario, elementos a utilizar, vehículos e estacionamento. As solicitudes deberán ser presentadas polo interesado cunha antelación mínima de un mes. A falta de notificación da resolución adoptada nese praza implica a denegación da mesma.

3. Non precisarán de autorización todas aquelas actividades de filmación e fotografía que utilizando cámaras de gravación portátiles, de man ou sobre o ombreiro, non implican as afeccións antes sinaladas para o uso común.

CAPÍTULO CUARTO. PRÁCTICA DE XOGOS.

Artigo 67. Norma xeral.

1. Como norma xeral, quedan prohibidos nas vías, rúas e prazas de uso público os xogos ou diversións que poidan representar unha molestia ou perigo para outras persoas ou para quen as practica, así como para o tráfico rodado, salvo nas zonas especificamente habilitadas para o efecto.

TÍTULO CUARTO: MEDIDAS CAUTELARES.

CAPÍTULO PRIMEIRO. INMOBILIZACIÓN DO VEHÍCULO.

Artigo 68. Supostos.

1. Ademais dos supostos recollidos na normativa xeral de tráfico, a Policía Local de Burela poderá proceder á inmovilización do vehículo cando:

- a) O vehículo careza de autorización administrativa para circular, ben por non obtela ou porque sexa obxecto de anulación, declarada a súa perda de vixencia.
- b) O vehículo presente deficiencias que constitúan un risco especialmente grave para a seguridade viaria.
- c) O condutor ou o pasaxeiro non fagan uso do casco de protección, nos casos en que sexa obrigatorio.
- d) Teña lugar a negativa a efectuar as probas para a comprobación do grao de impregnación alcohólica, do consumo de psicotrópicos, estupefacientes, estimulantes ou substancias análogas ou cando estas arroxen un resultado positivo.
- e) O vehículo careza de seguro obrigatorio.
- f) Se observe un exceso nos tempos de condución ou unha minoración nos tempos de descanso que sexan superiores ao 50 por 100 dos tempos establecidos regulamentariamente, salvo que o condutor sexa substituído por outro.
- g) Se produza unha ocupación excesiva do vehículo que supoña aumentar nun 50 por 100 o número de prazas autorizadas, excluída a do condutor.
- h) O vehículo supere os niveis de gases, fumes e ruído permitidos regulamentariamente segundo o tipo de vehículo.
- i) Existan indicios racionais que poñan de manifesto a posible manipulación nos instrumentos de control.
- j) Se detecte que o vehículo está dotado de mecanismos ou sistemas encamiñados a eludir a vixilancia dos axentes de tráfico e dos medios de control a través de captación de imaxes.
- k) O vehículo permaneza estacionado no mesmo lugar por tempo superior a un mes, ata que se presente o seu condutor ou titular ou ben se tramite o seu tratamento segundo o recollido no artigo 73.
- k) En calquera outra circunstancia que legalmente se estableza.

A inmovilización levantarase no momento en que cese a causa que a motivou.

Nos supostos previstos no apartado 1, parágrafos h), i) e j), a inmovilización só se levantará no caso de que, trasladado o vehículo a un taller designado polo axente da autoridade, aquel certifique a desaparición do sistema ou manipulación detectada ou xa non se superen os niveis permitidos.

2. No suposto recollido no apartado 1, parágrafo e), estarase ao disposto no Texto refundido da lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación viaria, aprobado por Real decreto legislativo 8/2004, do 29 de outubro, e demais normativa aplicable, ou normas que as substitúan.

3. A inmovilización do vehículo producirase no lugar sinalado polos axentes da autoridade. Para estes efectos, o axente poderá indicar ao condutor do vehículo que continúe circulando ata o lugar designado.

4. Os gastos que se orixinen como consecuencia da inmovilización do vehículo serán por conta do condutor que cometeu a infracción. Na súa falta, serán por conta do condutor habitual ou do arrendatario e, a falta destes, do titular. Os gastos deberán ser aboados como requisito previo a levantar a medida de inmovilización, sen prexuízo do correspondente dereito de defensa e da posibilidade de repercutilos sobre a persoa responsable que dea lugar a que a administración adopte a dita medida.

Nos supostos previstos no apartado 1, parágrafos h), i) e j), os gastos da inspección correrán por conta do denunciado, de acreditarse a infracción.

5. Se o vehículo inmovilizado fora utilizado en réxime de arrendamento, a inmovilización do vehículo substituirase pola prohibición de uso do vehículo polo infractor.

6. O pagamento dos gastos a que fai referencia o apartado 4 deste artigo é independente do pago da multa por infracción á normativa de tráfico que, no seu caso, se tramite.

7. Para os efectos de inmovilización, utilizaranse os instrumentos mecánicos adecuados, que se determinen, colocando na parte superior da porta da condutor a advertencia na que

se fará constar información sobre o procedemento que se vai seguir.

8. A utilización destes instrumentos, co fin de inmovilizar o vehículo dará lugar ao pagamento dunha taxa segundo estableza a correspondente Ordenanza fiscal.

CAPÍTULO SEGUNDO. RETIRADA DE VEHÍCULOS DA VÍA PÚBLICA.

Artigo 69. Retirada de vehículos.

1. A autoridade encargada da xestión do tráfico ou os seus axentes poderán proceder, se o obrigado a iso non o fixera, á retirada do vehículo da vía e o seu depósito no lugar que se designe, nos seguintes casos:

a) Sempre que constitúa perigo, cause graves perturbacións á circulación de vehículos ou peóns ou deteriore algún servizo ou o patrimonio público.

b) En caso de accidente que impida continuar a súa marcha.

c) Cando, procedendo legalmente a inmovilización do vehículo, non houber lugar adecuado para practicala sen obstaculizar a circulación de vehículos ou persoas.

d) Cando, inmovilizado un vehículo, dacordo coa normativa vixente, non cesasen as causas que motivaron a inmovilización no prazo de 48 horas.

e) Cando un vehículo permaneza estacionado en lugares habilitados pola autoridade municipal como zonas de aparcadoiro reservado para o uso de persoas con discapacidade sen colocar o distintivo que o autoriza.

f) Cando un vehículo permaneza estacionado nos carrís ou partes das vías reservados exclusivamente para a circulación ou para o servizo de determinados usuarios (carril ou zonas para bus, taxis, paradas, persoas con discapacidade, etc) e nas zonas reservadas á carga e descarga, ou nos lugares debidamente sinalizados temporalmente debido a actos públicos, festas, mercados ou feiras de carácter tradicional, obras, acontecementos deportivos ou outros de análoga natureza, durante os días e horarios reservados para a súa utilización.

g) Cando un vehículo permaneza estacionado en lugares habilitados pola autoridade municipal como de estacionamento con limitación horaria sen colocar o distintivo que o autoriza de ser obrigatorio o seu uso, ou cando se pase o triplo do tempo aboado, ou permitido no caso de que non sexa preciso abono, conforme ao establecido nesta Ordenanza municipal.

h) Cando permaneza estacionado no mesmo lugar durante un tempo superior a un mes.

i) En calquera outro suposto legalmente previsto.

2. Salvo nos casos de subtracción ou outras formas de utilización do vehículo en contra da vontade do seu titular, debidamente xustificadas, os gastos que se orixinen como consecuencia da retirada á que se refire o apartado anterior, serán por conta do titular, do arrendatario ou do condutor habitual, segundo o caso, que deberá aboalos como requisito previo á devolución do vehículo, sen prexuízo do dereito de recurso que lle asiste e da posibilidade de repercutilos sobre o responsable do accidente, do abandono do vehículo ou da infracción a que dea lugar a retirada.

3. Salvo causa xustificada, a administración deberá comunicar a retirada e depósito do vehículo ao titular no prazo de 24 horas nos termos previstos pola lexislación vixente a través da Dirección Electrónica Vial -DEV- se o titular dispuxese dela, ou mediante adhesivos informativos adheridos no lugar no que se atopaba o vehículo retirado, sen prexuízo de calquera outro medio que se estime oportuno.

Artigo 70. Perigo para a circulación

Considerarase que un vehículo está estacionado orixinando unha situación de perigo para o resto de peóns ou condutores cando se efectúe:

a) Nas curvas ou cambios de rasantes.

b) Nas interseccións de rúas e as súas proximidades, producindo unha diminución da visibilidade.

c) Nos lugares nos que se impida a visibilidade dos sinais de circulación.

- d) De maneira que sobresaia do vértice da esquina da beirarrúa, obrigando ao resto de condutores a variar a súa traxectoria, ou dificultando o xiro dos vehículos, ou a menos de cinco metros dunha esquina.
- e) Cando se obstaculice a saída de emerxencia dos locais destinados a espectáculos públicos e entretemento durante as horas de apertura destes.
- f) Na calzada, fóra dos lugares permitidos.
- g) Nas medianas, separadores, illotes ou outros elementos de canalización do tráfico.
- h) En zonas do pavimento sinalizadas con franxas brancas.

Artigo 71. Perturbación da circulación.

Entenderase que o vehículo está estacionado en lugar perigoso ou que obstaculiza gravemente a circulación cando constitúa un risco ou obstáculo á circulación nos seguintes supostos:

- a) Cando a distancia entre o vehículo e o bordo oposto da calzada ou unha marca lonxitudinal sobre ela que indique prohibición de atravesala sexa inferior a tres metros ou, en calquera caso, cando non permita o paso doutros vehículos.
- b) Cando se impida incorporarse á circulación a outro vehículo debidamente parado ou estacionado.
- c) Cando obstaculice a utilización normal do paso de saída ou acceso a un inmovible de persoas ou animais, ou de vehículos nun vao sinalizado correctamente.
- d) Cando se obstaculice a utilización normal dos pasos rebaixados para persoas con discapacidade.
- e) Cando se efectúe nas medianas, separadores, illotes ou outros elementos de canalización do tráfico.
- f) Cando se impida o xiro autorizado polo sinal correspondente.
- g) Cando o estacionamento teña lugar nunha zona reservada a carga e descarga, durante as horas de utilización.
- h) Cando o estacionamento se efectúe en dobre fila sen condutor.
- i) Cando o estacionamento se efectúe nunha parada de transporte público, sinalizada e delimitada.
- j) Cando o estacionamento se efectúe en espazos expresamente reservados a servizos de urxencia e seguridade.
- k) Cando o estacionamento se efectúe en espazos prohibidos en vía pública cualificada de atención preferente, especificamente sinalizados.
- l) Cando o estacionamento se efectúe no medio da calzada.
- m) Cando, sen estar incluídos nos parágrafos anteriores, constitúan un perigo ou obstaculicen gravemente o tráfico de peóns, vehículos ou animais.

Artigo 72. Obstaculización dun servizo público.

Entenderase que o estacionamento obstaculiza o funcionamento dun servizo público cando teña lugar:

- a) Nos carrís, paradas ou zonas reservadas aos vehículos de transporte público.
- b) Nas zonas reservadas para a colocación de colectores de residuos ou outro tipo de mobiliario urbano.
- c) Nas saídas reservadas a servizos de urxencia e/ou seguridade pública.
- d) Nas zonas de carga e descarga ou nos lugares debidamente sinalizados temporalmente con tal prohibición, debido a actos públicos, festas, mercados ou feiras de carácter tradicional, obras, acontecementos deportivos ou outros de análoga natureza, sen autorización.

Artigo 73. Tratamento residual do vehículo.

1. A administración competente en materia de xestión do tráfico poderá ordenar o traslado do vehículo a un Centro Autorizado de Tratamento de Vehículos para a súa posterior destrución e descontaminación:

- a) Cando transcorran máis de dous meses desde que o vehículo fora inmovilizado ou retirado da vía pública e depositado pola administración e o seu titular non formulara alegacións.
- b) Cando permaneza estacionado por un período superior a un mes no mesmo lugar e presente danos que fagan imposible o seu desprazamento polos seus propios medios ou lle falten as placas de matrícula.
- c) Cando recollido un vehículo como consecuencia de avaría ou accidente deste nun recinto privado o seu titular non o retirou no prazo de dous meses.

Con anterioridade á orde de traslado do vehículo, a administración requirirá ao seu titular advertíndolle que, de non proceder á súa retirada no prazo dun mes, procederase ao seu traslado ao Centro Autorizado de Tratamento.

2.No suposto previsto no apartado 1, parágrafo c), o propietario ou responsable do lugar ou recinto deberá solicitar da Xefatura Provincial de Tráfico a autorización para o tratamento residual do vehículo. Para estes efectos deberá achegar a documentación que acredite solicitar ao titular do vehículo a retirada do seu recinto.

3. Naqueles casos en que se estime conveniente, a Alcaldía ou autoridade correspondente por delegación, poderán acordar a substitución da destrución do vehículo pola súa adxudicación aos servizos de vixilancia e control do tráfico, segundo a normativa vixente ao devandito efecto.

Artigo 74. Supostos excepcionais de retirada de vehículos.

Aínda cando estean correctamente estacionados, a autoridade municipal ou os seus axentes poderá retirar os vehículos da vía pública nas situacións seguintes:

a) Cando estean estacionados en lugares nos que estea previsto a realización de actos públicos, festas, mercados ou feiras de carácter tradicional, obras, acontecementos deportivos ou outros de análoga natureza.

b) Cando estean estacionados en zonas onde se prevexa a realización de labores de limpeza, reparación ou sinalización da vía pública.

c) Cando se produzan situacións especiais de emerxencia, catástrofe ou perigo inminente, os vehículos que dificulten ou imposibiliten o paso dos vehículos dos servizos de emerxencia por estar correcta ou incorrectamente estacionados poderán ser apartados, arrastrados, empuxados ou retirados polos medios que teñan ao seu alcance neses momentos os devanditos servizos de emerxencia. Os titulares e/ou condutores dos vehículos incorrectamente estacionados serán responsables dos danos que se lles poidan causar nestas manobras, sen prexuízo, ademais, dos gastos e a sanción que corresponda á infracción cometida.

Pola contra, os vehículos estacionados regulamentariamente poderán ser retirados, excepcionalmente, sen custos ou gastos para os seus titulares e/ou condutores; ou trasladados, arrastrados ou empuxados ao lugar máis próximo que permita o acceso e intervención dos servizos oportunos, sendo neste caso responsable a administración dos danos que se lles causen nestas manobras.

O Concello deberá advertir coa antelación suficiente as referidas circunstancias, sempre que iso sexa posible, mediante a colocación dos avisos necesarios.

Os vehículos serán conducidos ao depósito municipal ou lugar designado polo Concello, o que se porá en coñecemento dos seus titulares.

Artigo 75. Gastos.

Os gastos que se orixinen como consecuencia da retirada dun vehículo da vía pública e a súa estancia no depósito serán por conta do titular, do arrendatario ou do condutor habitual, segundo o caso, que terá que pagalos ou garantir o pago como requisito previo á devolución do vehículo, de conformidade co disposto na ordenanza fiscal de aplicación, sen prexuízo do dereito de interposición de recurso que lle asiste e da posibilidade de reflectilos sobre o responsable da situación que dea lugar á retirada. A retirada do vehículo só poderá facela o seu titular, condutor, ou persoa autorizada.

Como excepción, os gastos ocasionados pola retirada de vehículos correctamente estacionados polos motivos recollidos no artigo anterior serán a conta do Concello de Burela, agás que exista neglixencia por parte do titular ou condutor do vehículo.

Artigo 76. Suspensión da retirada dun vehículo.

A retirada dun vehículo da vía pública suspenderase inmediatamente se o condutor ou titular do vehículo comparece e toma as medidas necesarias para facer cesar a situación irregular na que se atopaba, previo aboamento da taxa que, de ser o caso, proceda por desprazamento de guindastre, enganche, traslado e/ou depósito de conformidade co previsto na Ordenanza fiscal correspondente.

Artigo 77. Retirada dos obxectos da vía pública.

Serán retirados inmediatamente da vía pública polo Concello todos aqueles obxectos que estean nela e non haxa ningunha persoa que se faga responsable destes, os cales serán trasladados ao depósito municipal ou lugar designado polo Concello.

De igual forma se actuará no caso de que o obxecto entorpeza o tráfico de peóns ou de vehículos, así como se o seu propietario se negase a retiralo de inmediato.

Os gastos ocasionados será abonados polo dono dos obxectos retirados, previo á devolución dos mesmos.

TÍTULO SEXTO. RÉXIME SANCIONADOR.**Artigo 78. Réxime e procedemento sancionador.**

O réxime e procedemento sancionador aplicable é o recollido no Título V do Real Decreto Lexislativo 6/2015, de 30 de outubro, Texto refundido la lei de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria e as súas normas de desenvolvemento ou, no seu caso, as normas que as substitúan.

Artigo 79. Infraccións e sancións á presenta ordenanza.

1. Ademais das infraccións e sancións recollidas de xeito xeral na normativa de tráfico e circulación de vehículos, considéranse infraccións as accións e omisións ás normas recollidas na presente ordenanza recollidas no ANEXO II desta, sendo a súa cualificación e sanción a establecida en cada caso no referido anexo.

2. Considerarase infracción leve calquera incumprimento do recollido na presente ordenanza que non teña expresamente catalogado doutro xeito no ANEXO II.

Artigo 80. Órgano sancionador.

O órgano sancionador das infraccións recollidas nesta ordenanza será a persoa titular de Alcaldía ou Concelleiro ou Concelleira na que delegue.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA: Pola presente queda derogada a ordenanza municipal de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 13 de data 17 de xaneiro de 2008 e aprobada inicialmente e logo elevado a definitivo por acordo do Pleno da Corporación de 8 de novembro de 2002; así como calquera modificación a esta.

ANEXO I.**ESTACIONAMIENTO REGULADO CON LIMITACIÓN TEMPORAL. ESTACIONAMENTOS DE RESIDENTES. ESTACIONAMENTOS ESPECIAIS.****APARTADO 1. ESTACIONAMIENTO CON LIMITACIÓN TEMPORAL**

Artigo 1. Os estacionamentos regulados con horario limitado existirán nas zonas habilitadas e sinalizadas como tales nos días e horarios establecidos segundo se determine por medio dun Decreto da Alcaldía, ou Concellería na que delegue, coexistindo cos de libre utilización.

Non se poderán establecer limitacións horarias para estacionamentos entre as 21:00 horas e as 08:00 horas do día seguinte. Tampouco se poderán establecer limitacións horarias os domingos e festivos.

Artigo 2. As condicións de utilización dos lugares sinalizados con limitación horaria son as seguintes:

- A utilización das zonas con limitación horaria cumprindo os requisitos esixidos pode ser gratuíta ou estar suxeita a taxa municipal segundo a ordenanza fiscal correspondente.
- O tempo máximo de permanencia dun vehículo estacionado en zona azul será de entre 30 e 90 minutos, segundo se estableza no Decreto de Alcaldía o Concellería Delegada correspondente para esa zona e así se indique na sinalización existente.
- No caso de vehículos de persoas que exhiban claramente tarxetas de persoas con mobilidade reducida o tempo ao que fai mención o artigo anterior será de entre 60 e 120 minutos, sempre e cando se indique na sinalización vertical que esa praza está suxeita a limitación horaria.
- Unha vez concluído o tempo máximo de utilización, o vehículo deberá abandonar o aparcamento, e non poderá volver a estacionar na mesma rúa, nos lugares sinalados con limitación horaria, ata transcorridas dúas horas.
- Quedan excluídos desta limitación os vehículos das Forzas e Corpos de Seguridade, Protección Civil e Emerxencias. Os servizos de mantemento do Concello de Burela ou as empresas concesionarias do mesmo tamén estará exentos segundo se determine por Alcaldía ou a Concellería Delegada.
- No caso de ser necesario estacionar un vehículo por tempo superior ao establecido, como por exemplo unha mudanza, obra ou similar, o interesado deberá obter o título habilitante previo do Concello de Burela para a ocupación de vía pública, segundo a normativa municipal ao respecto.
- A xestión e control do cumprimento das condicións de utilización das zonas con limitación horaria será levado a cabo polos funcionarios do Corpo da Policía Local de Burela, podendo empregar para este cometido medios de captación de imaxes cumprindo a normativa sectorial aplicable.

Artigo 3. Infraccións.

Tipifícanse como infraccións leves as seguintes:

Superar o tempo máximo permitido de estacionamento.

Estacionar novamente o vehículo na mesma rúa ou praza antes de que transcorran dúas horas desde a finalización do estacionamento anterior.

Ocupar dúas prazas de estacionamento, ou non axustarse ao espazo marcado para o vehículo.

Artigo 4. Sancións

As sancións son as recollidas no anexo II desta ordenanza.

APARTADO 2. ESTACIONAMENTOS DE RESIDENTES

Artigo 1. Os estacionamentos regulados como “estacionamentos de residentes” poderán establecerse nas zonas habilitadas e sinalizadas como tales nos días e horarios establecidos segundo se determine por medio dun Decreto da Alcaldía ou Concellería Delegada, coexistindo cos de libre utilización.

Artigo2 . Condicións de utilización.

a) As autorizacións para estacionar nas zonas reguladas como estacionamentos de residentes serán expedidas polo órgano municipal correspondente previa solicitude da persoa interesada.

b) Será requisito imprescindible para a concesión da autorización que a persoa interesada figure empadroada no Concello de Burela no tramo de rúa no que se establece a limitación de estacionamento.

c) Só se poderá conceder unha autorización por cada domicilio, e para un único vehículo. Na solicitude, o interesado axuntará copia do permiso de circulación do vehículo para o que precisa autorización. Este vehículo deberá ter o seu domicilio fiscal no concello de Burela.

d) O estacionamento en zona de residentes pode limitarse temporalmente entre as 09:00 e as 20:00 horas de días hábiles, debendo estar esta circunstancia sinalizada debidamente.

e) O concello expedirá un cartón para cada usuario que obteña autorización, no que se reflicta a zona de estacionamento permitida e a placa de matrícula do vehículo autorizado. Esta tarxeta debe estar en todo momento claramente exposta no interior do vehículo na súa parte dianteira.

f) A expedición das tarxetas de residentes poderán estar suxeitas ao abono da taxa correspondente segundo se estableza na ordenanza fiscal ao respecto.

Artigo 3. Infraccións e sancións.

O incumprimento dos requisitos establecidos neste apartado serán sancionados segundo o establecido no Anexo II desta ordenanza.

APARTADO 3. ESTACIONAMENTOS ESPECIAIS.

Considéranse estacionamentos especiais os coñecidos como “bica e arrinca”. O cometido destes estacionamentos é a de facilitar a baixada ou subida a vehículos de pasaxeiros menores ou persoas con problemas de mobilidade, nomeadamente nas proximidades de centros escolares, centros sanitarios ou edificios públicos.

Nos lugares habilitados e sinalizados como “bica e arrinca” permítese o estacionamento de vehículos por un tempo máximo que se estableza na sinalización vertical respectiva, para subir ou baixar pasaxeiros. O condutor pode abandonar o vehículo para acompañar nese tempo á persoa que viaxa no vehículo ao centro ao que se dirixe, ou ben para recoller á mesma e axudala a subir ao vehículo. O horario máximo de funcionamento deste tipo e estacionamento especial será o de funcionamento do centro ou centros ao que vai destinado, salvo que a sinalización vertical correspondente indique outro distinto, sendo de uso xeral, ou con limitación horaria segundo o caso, o resto da xornada.

Pasado ese tempo, ou se a operación remata antes, retirárase o vehículo para facilitar o seu uso a outros usuarios.

O lugar e sinalización destes estacionamentos especiais farase por Decreto de Alcaldía ou da Concellería Delegada.

ANEXO II.

INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

Artigo	Infracción	Tipo L (leve) G (grave)	Sanción
6.2	Realizar actividades destinadas a organizar o estacionamento de vehículos, ordenalo de calquera forma ou dirixir e asistir á xeneralidade dos condutores na realización das manobras correspondentes.	L	100
7.1.op.a	Correr, saltar ou circular de forma que se moleste aos demais usuarios.	L	80

7.1.op.b	Circular con monopatíns, patíns e similares por beirarrúas e demais zonas destinadas a peóns a paso superior ao de circulación a pé, así como zigzageando ou facendo xiros bruscos.	L	100
7.2	Cruzar a calzada un peón fóra dos lugares sinalizados ou, nos lugares onde carezan destes, por lugares que non se correspondan cos extremos das mazás.	L	80
7.3	Cruzar un peón unha otonda, isleta ou outro tipo de elementos de xestión da circulación, salvo que estea habilitado un paso para cruzala.	L	80
7.4	Cruzar un peón a calzada non respectando os sinais dun semáforo.	L	80
7.5	Cruzar un peón a calzada non respectando os sinais dos axentes da autoridade	L	80
8.1	Acceder a unha zona peonil cun vehículo que non está autorizado.	G	200
9.7	Levar abertas as portas do vehículo, abrílas antes da súa completa inmovilización e abrílas ou apearse deste sen asegurarse previamente de que iso non implica perigo ou entorpecemento para outros usuarios, especialmente cando se refire a condutores de bicicletas.	L	100
10.1	Conducir un vehículo de mobilidade personal unha persoa menor de 14 anos	L	80
10.2.	Non facer uso de casco homologado ou certificado o condutor dun vehículo de mobilidade persoal	L	100
10.3	Circular cun vehículo de mobilidade persoal por lugares non autorizados	G	200
10.7	Utilizar o condutor dun vehículo de mobilidade persoal auriculares ou reprodutores de son, así como telefonía móbil ou outros sistemas de comunicación	G	200
10.8	Circular de modo negligente cun vehículo de mobilidade persoal entorpecendo a outros usuarios.	G	200
10.9	Circular mais dunha persoa nun vehículo de mobilidade persoal	G	200
10.10	Non utilizar a iluminación regulamentaria recollida na ordenanza municipal un vehículo de mobilidade persoal cando sexa necesario o seu uso	L	100
11.1	Non dipoñer de timbre ou elementos reflectores as bicicletas, ou prendas reflectoras os seus condutores cando sexa obrigatorio.	L	80
11.2	Circular cunha bicicleta por lugares non autorizados	L	100
11.6	Circular coa bicicleta apoiado só nunha roda, soltar o guiador excepto para sinalizar unha manobra, collerse a outros vehículos para ser remolcados ou remolcar a outros, circular en zigzag ou de modo negligente ou temerario, cargar a bicicleta con obxectos que dificulten a súa utilización ou reduzan a visión	G	200
11.7	A circulación de máis dunha persoa nunha bicicleta, salvo que teña homologada para mais prazas, ata o número permitido no seu caso concreto, ou que o acompañante sexa menor de 7 anos situado en asento homologado, sempre que o condutor sexa maior de idade, baixo a súa responsabilidade, e usando casco de protección tanto o condutor como o menor de 7 anos	L	100
11.8	Incumprir o condutor dunha bicicleta as normas sobre levar remolque.	L	100
11.9	Estacionar unha bicicleta en lugar non permitido	L	80
12.1	Circular un vehículo especial por vías do casco urbano sen a correspondente autorización municipal, ou incumprir as súas condicións.	G	200
13.1	Incumprir os condutores de animais as normas relativas á circulación destes	L	100
13.3	Non levar con correa ou elemento de análoga función un animal de compañía polas vías públicas.	L	100
13.4	Deixar animais sen custodia en calquera clase de vía ou nas súas	L	100

	inmediacións, sempre que exista a posibilidade de que estes poidan invadir a vía		
13.5	Non recoller e depositar nos lugares indicados os excrementos dos animais.	G	200
15.1	A realización de obras, instalacións, colocación de colectores, mobiliario urbano ou calquera outro elemento ou obxecto de forma permanente ou provisional nas vías obxecto desta Ordenanza sen a previa autorización municipal	G	200
15.2	Arroxar, depositar ou abandonar sobre a vía substancias ou materiais que poidan entorpecer a libre circulación, parada ou estacionamento, facelo perigoso ou deteriorar aquela ou as súas instalacións, ou producir nela ou nas súas inmediacións efectos que modifiquen as condicións apropiadas para circular, parar ou estacionar.	G	200
17.5	Colocar sinais de circulación sen autorización municipal	G	200
18.1	A instalación, retirada, traslado ou modificación da sinalización sen autorización municipal	G	200
18.2	Modificar o contido dos sinais ou colocar sobre eles ou á beira destes, placas, carteis, marquesiñas, anuncios, marcas ou outros obxectos que poidan inducir a confusión, reducir a súa visibilidade ou eficacia, cegar os usuarios da vía ou distraer a súa atención	G	200
18.3	Exhibir nas portas de entrada e saída de vehículos ou preto das mesmas, sinais, lendas ou textos de prohibición de estacionamento e/ou parada, salvo que se dispoña da correspondente autorización municipal	G	200
22.1	Realizar unha parada en lugar non permitido (indicar)	L	100
24.2	Deixar ou tomar viaxeiros un autobús fóra das paradas expresamente determinadas e sinalizadas pola Autoridade municipal	G	200
24.3	Operar vehículos VTC no termo municipal do concello de Burela sen autorización municipal	G	200
27.1	Dexiar estacionado un vehículo de xeito que non se impide que se poña en movemento en ausencia do condutor	L	100
27.2	Estacionar de xeito que non se permita aos demais usuarios a mellor utilización do restantes espazo dispoñible	L	100
27.3	Estacionar un vehículo, en vías de dobre sentido de circulación, no lado esquerdo no sentido da marcha.	L	100
28.2	Estacionar un vehículo fóra do perímetro marcaado cando existe sinalización no pavimento	L	100
29.2	Estacionar un vehículo de dúas rodas ocupando máis de 1,5 metros ao longo da calzada nos lugares de libre aparcadoiro, ou a menos de 100 metros dun estacionamento reservado para este tipo de vehículos.	L	100
30.0	Estacionar un vehículo de transporte de viaxeiros ou de mercadorías na vía pública fóra das horas autorizadas por resolución municipal.	L	100
31	Estacionar un remolque, semirremolque ou caravana separado do vehículo tractor salvo os lugares autorizados expresamente	G	200
32	Estacionar un vehículo con MMA superior a 3.500Kg ou cunha capacidade superior a 8 ocupantes, ademais do condutor, no casco urbano de Burela fóra dos lugares e horario expresamente autorizados	G	200
33.b	Estacionar un vehículo no mesmo lugar da vía pública durante máis dun mes	G	200
33.i	Estacionar nun lugar sinalizado como con limitación horaria sen colocar o distintivo obrigatorio, de ser o caso, de forma totalmente visible ou lexible	L	100
33.j op.a	Estacionar nun lugar sinalizado como con limitación horaria superando o tempo máximo permitido ata un máximo dunha hora	L	60
33.j op.b	Estacionar nun lugar sinalizado como con limitación horaria superando o tempo máximo permitido durante máis dunha hora ou volvendo a estacionar na mesma zona sen deixar transcorrer dúas horas desde o fin do anterior estacionamento. (Anexo I ordenanza)	L	100

33.k	Estacionar un vehículo diante dos lugares reservados para colectores do servizo municipal de limpeza, impedindo ou dificultando o acceso a eles ou a súa retirada.	G	200
33.n	Estacionar vehículos en exposición, exhibindo carteis para a súa venda na vía pública	G	200
33. o	Estacionar en lugares debidamente sinalizados temporalmente con prohibición, debido a actos públicos, festa, mercados, obras, acontecementos deportivos ou outros de análoga natureza	G	200
33.r	Estacionar un vehículo nas zonas delimitadas e sinalizadas como de estacionamento de residentes, sen cumprir as obrigas establecidas regulamentariamente	L	100
33.s	Estacionar nas zonas delimitadas e sinalizadas como de estacionamentos especiais, recollidas no Anexo I desta ordenanza, sen cumprir coas obrigas establecidas reglamentariamente	L	100
34.2	Estacionar un vehículo en zona reservada a vehículos de persoas con mobilidade reducida, estando autorizado, sen colocar de forma perfectametre visible a tarxeta coa autorización correspondente	L	60
34.3	Estacionar un vehículo en zona reservada a vehículos de persoas con mobilidade reducida, estando autorizado, superando o tempo máximo permitido.	L	100
35.1	Ocupar reservas de zonas para carga e descarga de materias e equipos de obras sen autorización	G	200
35.2	Colocar un colector de obras ou refugалlos na vía pública sen aoturización	G	200
36.1	Colocar estadas, guindastres, estruturas de obras ou maquinaria para a construción, mantemento ou rehabilitación na vía pública sen autorización ou incumprindo os requisitos recollidos nesta	G	200
37.1	Colocar obstáculos na vía, móbiles ou fixos, sen autorización ou incumprindo os requisitos establecidos nesta	G	200
39.1	Levar a cabo labores de carga e descarga a menos de 50 metros dunha zona sinalizada e habilitada para tal fin	L	100
39,6	Levar a cabo labores de carga e descarga entre vehículos na vía pública	L	100
40	Levar a cabo labores de carga e descarga con vehículos non habilitados	G	200
41	Levar a cabo labores de carga e descarga con vehículos, que estando autorizados, non exhiben claramente o cartón coa autorización correspondente	L	80
42.2	Levar a cabo labores de carga e descarga fóra dos días, horas e lugares autorizados ou nos que estexa expresamente prohibido	L	100
42.3	Levar a cabo labores de carga e descarga pola parte que non se corresponda coa beirarrúa ou a parte traseira dos vehículos	L	100
44	Levar a cabo labores de carga e descarga vehículos que superan a MMA autorizada en lugares onde non está permitido	G	200
46	Levar a cabo labores de carga e descarga con equipos ou de xeito que se producen rúidos innecesarios, se ensuza a vía pública ou se causan danos na vía.	L	100
47.1	Levar a cabo labores de carga e descarga por tempo superior ao permitido.	L	100
47.2	Estacionar un vehículo en zona de carga e descarga, que aínda que sexa dun tipo autorizado, non realiza labores de carga e descarga	L	100
48	Levar a cabo labores de descarga de combustibles líquidos e gases licuados en lugares non permitidos ou fóra dos horarios permitidos	G	200
49	Levar a cabo labores de mudanza incumprindo as normas especifica sobre esta materia	G	200
51	Non manter as condicións de limpeza necesarias os titulares de vaos	L	100
54. a	Colocar sinais de vaos ou con fins similares distintas das autorizadas polo Concello de Burela	G	200

54. b	Colocar sinalización horizontal amarilla na vía pública sen autorización do Concello de Burela	G	200
62	Estacionar un vehículo nun lugar sinalizado como reserva de estacionamento para hoteis ou aloxamentos sen autorización	G	200
63	Estacionar un vehículo nun lugar sinalizado como restrinxido a uso oficial sen estar autorizado	G	200
64,3	Facer uso de tarxetas ou estacionamentos reservados a vehículos de persoas con discapacidade de forma fraudulenta ou incumprindo os seus requisitos	G	200
65	Estacionar un vehículo en parada de taxis, servizos de emerxencias, transporte público ou escolar sen estar autorizado	G	200
66	Levar a cabo actividades audiovisuais sen autorización municipal ou incumprindo os seus requisitos	G	200
67	Levar a cabo xogos ou diversións nas vías, rúas e prazas de uso público que representen unha molestia ou perigo para outras persoas ou para que as practica, así como para o tráfico rodado, agás nas zonas especificamente habilitadas.	L	80
79.2	Calquera infracción á presente ordenanza que non teña catalogada doutro xeito no ANEXO II	L	100

Contra o presente acordo, poderase interpor polos interesados recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Burela, 16 de abril de 2024.- Alcaldesa, María del Carmen López Moreno.

R. 1071

O CORGO

Anuncio

Polo Pleno do Concello, en sesión celebrada o día 12 de abril de 2024, prestouse aprobación ao expediente de modificación do orzamento con número 3/2024, de créditos extraordinarios e suplementos de crédito, por un importe total de DOUSCENTOS SETENTA E OITO MIL SETECENTOS EUROS (278.700,00 €), segundo de competencia do Pleno.

Cumprindo o disposto no artigo 177.2 en relación co 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, expónse ao público polo prazo de quince días hábiles, na Secretaría do Concello, co fin de que durante o mesmo (que se contará a partir do seguinte ao da inserción do edicto no Boletín Oficial da Provincia) poidan formularse as reclamacións que se consideren oportunas, que se deberán dirixir ao alcalde-presidente do Concello.

O Corgo, 15 de abril de 2024.- O alcalde-presidente, Felipe Labrada Reija.

R. 1072

LUGO

Anuncio

DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o día 10 de abril de 2024, adoptou entre outros o acordo 5/157, polo que se acorda delegar as competencias no Tenente de Alcalde Delegado da área de xestión integral de recursos internos para a resolución de todos os actos de trámite e resolutivos dos expedientes administrativos de contratación así como procedementos de autorización de dominio público que se inicien neste ano e necesarios para a celebración do ARDE LUCUS 2024

Por todo o cal e con base no sinalado no artigo 9 da Lei 40/15 do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público expónse ó público no Boletín Oficial da Provincia para xeral coñecemento.

Lugo, 16 de abril de 2024.- Concelleiro Delegado da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, don Angel Pablo Permuy Villanueva.

R. 1073

Anuncio

DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o día 10 de abril de 2024, adoptou entre outros o acordo 6/158, polo que se acorda delegar as competencias no Tenente de Alcalde Delegado da área de xestión integral de recursos internos para a resolución de todos os actos de trámite e resolutivos do expediente para CONTRATACIÓN DUNHA OPERACIÓN DE CRÉDITO A LONGO PRAZO PARA A FINANCIACIÓN DE INVESTIMENTOS DO ANO 2024. EXP 2024/C003/000018

Por todo o cal e con base no sinalado no artigo 9 da Lei 40/15 do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público expónse ó público no Boletín Oficial da Provincia para xeral coñecemento.

Lugo, 16 de abril de 2024.- Concelleiro Delegado da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, don Angel Pablo Permuy Villanueva.

R. 1074

MONDOÑEDO

Anuncio

A Alcaldía-Presidencia do Concello de Mondoñedo, o día 17 de abril de 2024 ditou a resolución núm. 2024-0075 que literalmente di:

"RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

NOMEAMENTO DE FUNCIONARIA INTERINA PARA CUBRIR UNHA (1) PRAZA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO DO CONCELLO DE MONDOÑEDO, PARA O POSTO DENOMINADO "ENCARGADO/A OFICINA DE APOIO ADMINISTRATIVO", GRUPO C, SUBGRUPO C2, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO CONCELLO DE MONDOÑEDO, ACCESO LIBRE, POLO SISTEMA DE CONCURSO, CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022(D.A. 6ª e D.A. 8ª da Lei 20/2021)

O Presidente do Goberno de España, publicou no Boletín Oficial do Estado núm. 312, do 29 de decembro de 2021, a Lei 20/2021, do 28 de decembro de 2021, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

A Alcaldía, deste concello, aprobou mediante Resolución núm. 2022-0110 do 24 de maio de 2022, a oferta extraordinaria de emprego público 2022 para a estabilización de emprego temporal, que cumpría as previsións do artigo 2 e da disposición adicional sexta da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, publicándose no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 119 do 26 de maio de 2022, realizando previamente a negociación colectiva na lexislación vixente.

Posteriormente o Concello de Mondoñedo, confeccionou as Bases Xerais que regulan, xunto coas Bases Específicas, o proceso selectivo excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración, convocado para o ingreso en **unha praza** de persoal **funcionario** no Concello de Mondoñedo denominada **Auxiliar Administrativo (posto: Encargado/a Oficina de Apoio Administrativo)**, polo sistema de concurso, acceso libre, cota xeral, incluída na Oferta de emprego público do ano 2022 – Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (D.A. 6ª e 8ª da Lei 20/2021), e publicadas no BOP de Lugo nº 298 de 30 decembro de 2022 e corrección de erros no BOP de Lugo nº 299 de 31 de decembro de 2022, co anuncio do extracto da convocatoria no DOG núm. 20 de 30 de xaneiro de 2023 e no BOE núm. 37 de 13 de febreiro de 2023.

Unha vez publicado no BOE o extracto da convocatoria e bases xerais e específicas, iniciouse o prazo de vinte días naturais a contar desde o seguinte á publicación, polo que o prazo de presentación de instancias estivo aberto desde o 14 de febreiro ata o 6 de marzo de 2023 (ambos inclusive).

Esta Alcaldía, ditou o día 30 de marzo de 2023 a Resolución núm. 2023-0080 a través da que se aprobaba a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos ao citado proceso selectivo.

Posteriormente esta Alcaldía, ditou o día 6 de novembro de 2023 a Resolución núm. 2023-0447 a través da que se aprobaba a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos ao citado proceso selectivo.

Logo de ver a acta do tribunal do proceso selectivo do 22 de novembro de 2023, na que se reflicte que a candidata MARÍA ISABEL PIÑEIRO REQUEIJO con DNI ***7696** foi a candidata con maior puntuación, estivo exposta na sede electrónica desta entidade local (<https://sedelectronica.mondonedo.gal>), por un período de 5 días naturais, desde o 23 de novembro ata o 27 de novembro (ambos incluídos) sen que os/as aspirantes deste proceso realizaran ningunha alegación.

Posteriormente, e tras ver o documento de 15 de xaneiro de 2024 que contiña as cualificacións definitivas, a proposta de nomeamento, a listaxe de emprego temporal e prazo de presentación de documentación, estivo aberto un prazo de 5 días naturais, desde o 16 ata o 20 de xaneiro de 2024, para que a candidata proposta presentara a documentación requirida nas bases de convocatoria. Documentación que foi presentada a través da sede electrónica o día 16 de xaneiro de 2024 co número de rexistro 2024-E-RC-97.

Tras cumprir os requisitos establecidos nas bases de convocatoria, a titular da praza tomou posesión desta e posteriormente concedeuuselle unha excedencia por prestación de servizos no sector público con data 21 de marzo de 2024.

Á vista do anterior ponse en funcionamento a listaxe de emprego temporal, según a base 9 xeral de convocatoria, realizando o chamamento aos suplentes, por orde de puntuación decrecente, e suceden as seguintes situacións:

1.- Unha vez realizado o chamamento por orde de puntuación a D. José Manuel Arias Fernández, mediante chamada telefónica e posteriormente mediante comunicación a través da sede electrónica, renuncia ao posto mediante escrito de data 4 de abril de 2024, rexistro de entrada 2024-E-RE-224 do mesmo día, presentando certificado que acredita estar en situación de servizo activo na Xunta de Galicia. Motivo polo que cómpre pasar á seguinte persoa da lista.

2.- Posteriormente, realizado un novo chamamento por orde de puntuación a D. Noé Pérez Núñez, mediante chamada telefónica e posteriormente mediante comunicación a través da sede electrónica, renuncia ao posto mediante escrito de data 9 de abril de 2024, rexistro de entrada 2024-E-RE-233 do mesmo día, presentando certificado que acredita estar en situación de servizo activo na Xunta de Galicia. Motivo polo que cómpre pasar á seguinte persoa da lista.

3.- Logo do anterior, realízase un novo chamamento por orde de puntuación a D.^a María Guadalupe Pérez Martínez, mediante chamada telefónica e posteriormente mediante comunicación a través da sede electrónica, renuncia ao posto mediante escrito de data 9 de abril de 2024, rexistro de entrada 2024-E-RE-238 do mesmo día, presentando resolución do nomeamento de estar en situación de servizo activo nun concello como personal eventual. Motivo polo que cómpre pasar á seguinte persoa da lista.

4.- Tras o candidato anterior, realízase un novo chamamento por orde de puntuación a D. José Antonio López Otero, mediante chamada telefónica e posteriormente mediante comunicación a través da sede electrónica, renuncia ao posto mediante escrito de data 10 de abril de 2024, rexistro de entrada 2024-E-RE-243 do mesmo día, así como copia do escrito de ter solicitado un certificado de servizos prestados na administración na que traballa. Motivo polo que cómpre pasar á seguinte persoa da lista.

5.- De novo, realízase un chamamento por orde de puntuación a D.^a Marta Pernas Quiroga, que acepta as condicións do emprego nun prazo de 24 horas, tras a realización da respectiva comunicación.

Con base no anterior e en vista das facultades conferidas pola lexislación vixente,

RESOLVO:

Primeiro.- Aceptar as renuncias ao emprego, das persoas que se citan a continuación, coas salvedades que se indican:

1.- D. José Manuel Arias Fernández, que acredita estar en situación de servizo activo noutra administración mantén a súa posición na bolsa temporal, tal e como establece a base xeral de convocatoria 9.3).

2.- D. Noé Pérez Núñez, que acredita estar en situación de servizo activo noutra administración mantén a súa posición na bolsa temporal, tal e como establece a base xeral de convocatoria 9.3).

3.- D.^a María Guadalupe Pérez Martínez, que acredita estar en situación de servizo activo noutra administración mantén a súa posición na bolsa temporal, tal e como establece a base xeral de convocatoria 9.3).

4.- D. José Antonio López Otero, acredita ter solicitado un certificado de prestación de servizos, polo que se está pendente de resolver, unha vez que o presente, as súa situación na bolsa tal e como establece a base xeral de convocatoria 9.3).

Segundo.- Realizar o nomeamento como funcionaria interina, de forma temporal, a tempo completo, para ocupar de forma temporal unha (1) praza de persoal funcionario interino no Concello de Mondoñedo de Auxiliar Administrativo, posto denominado Encargado/a Oficina de Apoio Administrativo, grupo C, subgrupo C2 a D.^a Marta Pernas Quiroga con DNI núm. ****4424**, según o establecido no artigo 10.a) do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

Terceiro.- Notificar a presente á interesada, publicala no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, outorgándolle un prazo de tres días hábiles para a toma da posesión desde o seguinte á publicación do anuncio desta resolución e dar traslado da presente Resolución aos servizos correspondentes para a súa execución e efectos.

Así o ordena e asina o Alcalde-Presidente, Manuel Ángel Otero Legide e A secretaria-interventora Ruth López-Mosquera García.

Mondoñedo, 17 de abril de 2024.- O alcalde-presidente , Manuel Ángel Otero Legide.

R. 1080

AS NOGAIS

Anuncio

O 5 de abril de 2024, na sesión ordinaria celebrada pola Corporación de As Nogais en Pleno, adoptouse o seguinte acordo, que se publica integramente en cumprimento da normativa vixente:

[...]

Primeiro.- Revocar a delegación de competencias atribuídas polo Pleno da Corporación Local, que se encontran delegadas actualmente na Xunta de Goberno Local, en virtude do acordo adoptado polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día 28 de xuño de 2023 relativas a:

-A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos nos orzamentos.

Segundo.- Delegar de forma expresa na Alcaldía as seguintes atribucións do Pleno da Corporación Local, que se encontran delegadas actualmente na Xunta de Goberno Local, en virtude do acordo adoptado polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día 28 de xuño de 2023, relativas a:

-A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos nos orzamentos.

Terceiro.- De acordo cos artigos 9 da Lei 40/2015, do 1 outubro e o artigo 114 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, esta delegación poderá ser modificada ou revogada en calquera momento, axustándose ás mesmas formalidades que as esixidas para o seu outorgamento. Así mesmo, o Pleno poderá avogar o exercicio da competencia delegada de maneira singular para actos concretos, sen que iso implique a revogación da delegación conferida.

Cuarto.- Esta delegación será efectiva desde o día seguinte á data do seu acordo, de conformidade co artigo 9 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Quinto.- Publicar no BOP a presente delegación do Pleno na Alcaldía, de conformidade co previsto no artigo 51.2 do ROF, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte a aprobación da mesma.

Sexto.- Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local.

As Nogais, 16 de abril de 2024.- O Alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 1075

RIBADEO

Anuncio

Expediente núm.: 1555/2024

CONVOCATORIA SELECCIO PERSOAL

BASES ESPECÍFICAS REGULADORAS DO ACCESO A POSTOS DE TRABALLO DE CARACTER LABORAL (INTERINO).

PEÓN DE SERIVZOS MULTIPLES (Peón de albanel. Obras). Posto RPT/ nº 1022 /5

1.-OBXECTO DA CONVOCATORIA.-

O obxecto das presentes bases é a cobertura con carácter **interino** do posto de traballo sinalado na RPT municipal co número 1022/5.

2.-CARACTERÍSTICAS DO POSTO:

Grupo. Asimilado a un Grupo E. Nivel CD 14.

Clasificación: Cadro de Persoal Laboral fixo. Administración Especial.

Adscripción: Servizos de mantemento de instalacións e infraestruturas.

3.FUNCIÓNS DO POSTO DE TRABALLO.

As funcións do posto de traballo que se convoca serán as previstas na RPT, sinaladamente as de execución de traballos manuais de conservación, mantemento e reparación de infraestruturas e instalacións municipais propios desta categoría.

Calquera outra función propia do seu cargo ou categoría.

O posto estará sometido ao réxime de incompatibilidades segundo o disposto na Lei 53/1984, de 26 de decembro de incompatibilidades do persoal das Administracións Públicas, no Estatuto Básico do Empregado Público e demais disposicións de aplicación.

4. SISTEMA DE SELECCIÓN: concurso-oposición .**5.NÚMERO DE PRAZAS QUE SE CONVOCAN:** Unha.**6.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.**

a) Xerais: Para tomar parte nas probas de selección, será necesario reunir os requisitos establecidos no artigo 50 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia

a) Ter a nacionalidade española, ou algunha outra que, con arranxo ao disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, permita o acceso ao emprego público.

b) Estar en posesión da titulación esixida ou estar en condicións de obtela.

c) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do que a persoa fose separada ou inhabilitada.

No caso do persoal laboral, non ser despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía.

No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

d) Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

e) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

b) Específicos.

1. Titulación académica: Estudos primarios, certificado de escolaridade ou titulación semellante ou superior.

2. -Estar en posesión do permiso de conducir da clase B ou superior.

Todos os requisitos esixidos deben posuílos os/as aspirantes o día que remate o prazo para presentar as solicitudes e conservalos, polo menos, ata a data do seu nomeamento /sinatura de contrato laboral.

c) Dereitos de Exame: Os interesados en participar neste proceso selectivo deberán ingresar na conta bancaria a nome do Concello IBAN nº ES40 0081 5420 3100 0100 0705 a taxa por dereitos de exame prevista na Ordenanza municipal T7 da taxa por expedición de documentos , epígrafe 8º (BOP de Lugo nº 177 de data 04/08/2022) **por importe de 15,00 €**, debendo aportar xustificante deste ingreso xunto coa solicitude de participación.

d) Quenda de reserva: Reservarase unha cota non inferior ao sete por cento das vacantes ofertadas para ser cubertas entre persoas que acrediten posuír unha discapacidade de grao igual ou superior ao trinta e tres por cento.

A reserva do mínimo do sete por cento realizarase de maneira que, polo menos, o dous por cento das prazas ofertadas o sexa para ser cubertas por persoas que acrediten discapacidade intelectual e o resto das prazas ofertadas o sexa para persoas que acrediten calquera outro tipo de discapacidade.

A opción a quenda de reserva deberá facerse constar na solicitude de participación pola persoa interesada.

Os aspirantes que opten pola quenda de reserva deberán superar as mesmas probas selectivas que as fixadas para o resto dos aspirantes. Nas probas selectivas, incluídos os cursos de formación e os períodos de prácticas, estableceranse as adaptacións e axústelos razoables de tempo e medios que sexan necesarios para a súa realización polas persoas con discapacidade, sempre que así o soliciten, a fin de garantir que participen en condicións de igualdade cos demais aspirantes. Estas persoas concorrerán en quenda separada dos demais aspirantes sempre que así se xustifiquen para o mellor desenvolvemento das súas probas selectivas¹.

En todo caso o grao de discapacidade que resulte acreditado deberá ser compatible co desempeño das tarefas e funcións correspondente ao/s posto/s ofertado/s.

Superado o proceso selectivo, as persoas que ingresen en corpos ou escalas de persoal funcionario ou categorías de persoal laboral das administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación da presente lei, e que sexan admitidas na convocatoria ordinaria con prazos reservados para persoas con discapacidade, poden solicitar ao órgano convocante a alteración da orde de prelación para a elección das prazos dentro do ámbito territorial que se determine na convocatoria, por motivos de dependencia persoal, dificultades de desprazamento ou outras análogas, que deberán ser acreditados debidamente. O órgano convocante acordará dita alteración cando estivese debidamente xustificada, limitándose a realizar na orde de prelación a mínima modificación necesaria para posibilitar o acceso ao posto da persoa con discapacidade.

7.- PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA E DAS SÚAS BASES.-

Estas bases específicas faranse públicas no Boletín Oficial da provincia de Lugo e tamén no taboleiro de anuncios do Concello e web municipal [www.ribadeo.gal/sede electrónica](http://www.ribadeo.gal/sede_electronica).

A convocatoria **para comezo do prazo** para presentación de solicitudes efectuarase no B.O.E.

Os sucesivos anuncios relativos ao proceso de selección faranse públicos a través do tablón de anuncios do Concello e web municipal [www.ribadeo.gal/sede electrónica](http://www.ribadeo.gal/sede_electronica).

Non se efecturarán notificacións individuais.

8.PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS E QUENDA DE RESERVA.-

As instancias, solicitando tomar parte no proceso selectivo, dirixiranse á Alcaldía-Presidencia.

Presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Ribadeo debidamente cumprimentadas, durante o prazo de **vinete días naturais** contados dende o seguinte ao de publicación do anuncio da **convocatoria no BOE**.

Poderán asimesmo remitirse na forma establecida na Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento Administrativo común das AA.PP.

Para ser admitidas e, no seu caso, tomar parte nas probas selectivas, as persoas aspirantes manifestarán nas súas solicitudes que reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos nestas Bases, referidos sempre como máximo ao día no que remate o prazo de presentación de instancias.

Os aspirantes con minusvalía igual ou superior ao 33% deberán indicalo expresamente na solicitude.

Igualmente as persoas aspirantes comprometéense, no caso de ser propostos para o correspondente nomeamento, a prestar xuramento ou promesa de acordo co que determina o Real Decreto 707/1979, de 5 de abril.

Á instancia acompañarase **inexcusablemente** a seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada do DNI ou documento equivalente.
- Titulación que acredite o cumprimento deste requisito.
- Acompañarase unha relación circunstanciada dos méritos que aleguen pola orde que se estableza na correspondente convocatoria, uníndose a dita relación os documentos xustificativos dos mesmos (orixinais ou fotocopias compulsadas), **e non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles que non queden debidamente acreditados en todos os seus extremos, no momento de remate do prazo de presentación de solicitudes.**
- Xustificante, no seu caso, do título ou Certificado de idioma galego (CELGA 2 ou superior).
- Resgardo do pagamento das taxas correspondentes.

9.-ADMISIÓN DE ASPIRANTES. DATA E LUGAR DE CELEBRACIÓN DAS PROBAS.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes ditarase resolución pola que se declarará aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos, con indicación das causas de exclusión, así como o prazo para subsanación que será de 10 días, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro.

¹ Atendendo ao previsto no artigo 54 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

A corrección de erros, poderase enmendar de oficio ou a instancia de parte segundo a vixente Lei de Procedemento Administrativo común.

Dita resolución será publicada no Boletín Oficial da Provincia así como no Taboleiro de anuncios do Concello. Quen non presente a solicitude de subsanación ou reclamación no indicado prazo decaerá no seu dereito sendo excluído definitivamente da lista de aspirantes.

Rematado o prazo ditarase resolución pola que se aproba a lista definitiva, resoltas as reclamacións que no seu caso se produzan, e indicarse igualmente o lugar e data de comezo do 1º exercicio e orde de actuación dos aspirantes así como a composición do Tribunal, publicándose estes anuncios e calquera outro anuncio sucesivo en relación a este proceso selectivo no taboleiro de anuncios do Concello e web municipal.

Se en calquera momento posterior á aprobación da lista definitiva, incluso durante a celebración das probas se advertise nas solicitudes inexactitude ou falsidade que fora causa de exclusión ésta considerase defecto insubsanable e resolverá dita exclusión.

Dende a terminación dunha proba e ata o comezo da seguinte deberá transcurrir un prazo mínimo de 48 horas e un máximo de 40 días.

10.DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO.-

A)Fase de oposición:

Serán 3 exercicios.-

Primeiro exercicio. Práctico.

Consistirá na realización dunha proba práctica relacionada coas tarefas a desempeñar no posto de traballo tendente a valorar as habilidades e coñecementos necesarios dos aspirantes para a ocupación do posto.

A proba será determinada polo Tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio,

A duración máxima da mesma non excederá de 40 minutos

O tribunal establecerá con carácter previo os criterios para valorar esta proba que se porán se coñecemento dos aspirantes ao inicio da mesma.

O exercicio cualificarase polo tribunal de 0 a 10 puntos e serán eliminados aqueles aspirantes que non alcancen un mínimo de 5 puntos.

Segundo Exercicio.- De carácter **obligatorio e eliminatorio** consistirá en desenvolver por escrito durante un período máximo dunha hora, un tema determinado polo Tribunal inmediatamente antes de comezar o exercicio e relacionado coas materias comprendidas no Programa do ANEXO I, aínda que non se ataña a un epígrafe concreto daquel.

O Tribunal propondrá dous temas aos aspirantes dos que deberán elixir un que deberán contestar obrigatoriamente.

Os aspirantes terán liberdade en canto á forma de exposición se refire, valorándose polo Tribunal a formación xeral, a claridade de ideas e coñecemento da materia así como o rigor e precisión na exposición.

Posteriormente ou no propio acto serán convocados, no seu caso, oportunamente para proceder por sí mesmos á lectura pública dos exercicios.

Este exercicio cualificaranse de 0 a 10 puntos e será preciso acadar un mínimo de 5 puntos para superalo.

Terceiro exercicio. Idioma galego.- De carácter **obligatorio e eliminatorio** consistirá na tradución directa do castelán ao galego dun texto proposto polo órgano de selección inmediatamente antes de celebrarse o primeiro exercicio, nun tempo máximo de 10 minutos, e sen axuda de dicionario.

Cualificarase como APTO ou NON APTO. Serán Non aptos aqueles exercicios que conteñan 20 erros ou mais.

*Quedarán exentos de celebrar este exercicio aqueles aspirantes que aporten antes da súa celebración título oficial de coñecemento do idioma galego **Celga 1 ou equivalente**, debidamente homologado, correspondente ao nivel de estudos esixidos para participar nas probas selectivas, segundo a Orde de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014.

B)Fase de concurso:

Cualificarase esta fase de acordo cos méritos aportados polos aspirantes e segundo se especifica no **ANEXO II** destas Bases e **sen que a cualificación poida exceder de 4 puntos na súa totalidade.**

Esta fase non ten carácter eliminatorio nin se terá en conta para superar as probas da fase de oposición.

Esta fase cualificarase con posterioridade á celebración da fase de oposición para aqueles que superasen os tres exercicios.

Cualificación final: A cualificación de cada aspirante nos diferentes exercicios do proceso selectivo será o resultado da media aritmética das puntuacións outorgadas por todos os membros do Tribunal ou a determinada de común acordo polo conxunto dos seus membros.

A puntuación total do proceso selectivo será a suma das cualificacións da fase de concurso e dos dous exercicios da fase de oposición.

11. TRIBUNAL CUALIFICADOR.

Estará constituído polas seguintes persoas:

Presidente:

Titular e suplente correspondente. Un funcionario de categoría ou escala igual ou superior á praza que se convoca, designado pola Alcaldía-Presidencia.

Vogais: 3 funcionarios de categoría ou subescala igual ou superior ao posto que se convoca e os seus suplentes correspondentes.

Secretario: O Secretario Xeral do Concello de Ribadeo e como suplente do mesmo un funcionario do Concello con categoría igual ou superior ao posto que se convoca. Actuará con voz e sen voto.

O Tribunal queda autorizado para resolver-las dúbidas que se presenten no non previsto nestas bases e para tomar os acordos necesarios para a boa orde das probas.

Aplicarase igualmente a lexislación básica do Estado sobre Función Pública e o R.D. 896/1991 polo que se establecen as regras e programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección de persoal funcionario de Administración Local. No non previsto nelas, a regulamentación para o ingreso na Función Pública da Comunidade Autónoma de Galicia e supletoriamente, o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración do Estado.

12.- RELACIÓN DE APROBADOS.-

Unha vez rematada a cualificación das persoas aspirantes o Tribunal publicará por orde de puntuación a relación de aprobados e elevará dita relación ao órgano competente do Concello aos efectos da tramitación do correspondente nomeamento/sinatura de contrato laboral.

O Tribunal cualificador non poderá propoñer o acceso á condición de empregado público a un número superior de aprobados ao de postos ou prazas convocadas.

13.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.

A persoa proposta aportará, dentro do prazo de vinte días naturais contados a partir da publicación da lista de aprobados, os seguintes documentos:

- 1.- Fotocopia (que deberá presentarse co orixinal para compulsar) do seu Documento Nacional de Identidade ou documento que o substitúa.
- 2.- Copia autenticada ou fotocopia (que deberá presentarse co seu orixinal para compulsar) do título ou no seu caso, diploma en base ao cal se procedeu á súa admisión ou xustificante de ter cumprí-los requisitos para a expedición do mesmo.
- 3.- Certificado acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais do posto ao que aspira. No supostos de persoas con discapacidade observarase tamén o que establece o apartado da Base duodécima.
- 4.- Declaración responsable de non ter sido separado do servizos do Estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades Locais mediante expediente disciplinario nin e atopar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas por sentenza firme.
- 5.- Declaración responsable de non se atopar incurso en ningún dos supostos de incapacidade específica conforme á normativa vixente.
- 6.- Declaración responsable de non incurrir en ningún dos supostos de incompatibilidade do persoal ao servizo das Administracións Públicas segundo a Lei 53/1984, de 26 de decembro e normativa de desenvolvemento da mesma.
- 7.- Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social (para o caso de haber estado de alta na mesma).
- 8.- Número de conta bancaria.

O aspirante cun grao de minusvalía igual ou superior ao 33% que supere a oposición deberá ademais acreditar tal condición mediante certificación dos órganos competentes así como a compatibilidade co desempeño das tarefas do posto.

Para o suposto de que tivera a condición de funcionario ou empregado público, estará exento de xustificar documentalmente as condicións e requisitos xa demostrados para obter o seu anterior nomeamento debendo

presentar certificación do Ministerio ou Organismo de que dependa, acreditando a súa condición e demais circunstancias que consten no seu expediente persoal ou folla de servizos.

14. NOMEAMENTO E TOMA DE POSESIÓN.-

Quen no prazo indicado non presente a documentación indicada (salvo casos de forza maior), non poderá ser nomeado quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades en que poida incurrir por falsidade na instancia solicitando tomar parte no proceso selectivo.

O aspirante nomeado deberá tomar posesión/asinar contrato laboral no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao que lle sexa notificado o nomeamento, quedando en situación de cesante cando, sen causa xustificada, non o fixese dentro do prazo sinalado.

O nomeamento será publicado no BOP de Lugo.

15.-LEXISLACIÓN DE APLICACIÓN.-

O RDL 5/2015, de 5 de outubro de aprobación do TR da Lei do Estatuto básico do empregado público.

A Lei 2/2015, de 29 de abril de Emprego Público de Galicia.

Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local.

R.D. Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, que aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Decreto 95/1991, do 20 de marzo, da Comunidade autónoma de Galicia pola que se aproba o

Regulamento de selección de persoal e Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración do Estado.

Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, que aproba as regras básicas e programas mínimos a que se debe axustar o procedemento de selección dos funcionarios da administración local.

Lei 2/2015, de 29 de abril do Emprego Público de Galicia.

Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das AA.PP.

Lei 40/2015, de 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público.

16.- FORMACIÓN DE BOLSA DE TRABALLO.

Rematado o proceso selectivo a Alcaldía-Presidencia poderá aprobar unha listaxe de agarda con aquelas persoas presentadas ao proceso, e ordenada de maior a menor puntuación no sumatorio total, que non obtiveran praza.

17.- INCIDENCIAS

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpor polo interesados recurso de reposición no prazo dun mes ante a Alcaldía, previo ao contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo ou, á súa elección, o que corresponda ao seu domicilio, a partir do día seguinte ao de publicación do seu anuncio no Boletín correspondente (artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa).

No non previsto nas bases, será de aplicación a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro; a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril; e o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado aprobado por Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, con carácter supletorio.

ANEXO I

A) FASE DE OPOSICION

TEMARIO.-

Tema 1.- A constitución española de 1978. Principios Xerais.

Tema 2.-Organización municipal. Competencias dos Concellos. O Pleno, O Alcalde. Especial referencia ao Concello de Ribadeo (servicios municipais existentes no Concello de Ribadeo).

Tema 3.- Dereitos e deberes dos empregados públicos. Retribucións, permisos, licenzas, incompatibilidades.

Tema 4.- O Concello de Ribadeo (Parroquias, núcleos de poboación, rúas da vila, edificios municipais, etc).

Tema 5.-Prevención de accidentes laborais: Dereitos e obrigas do empresario e dos traballadores. Primeiros auxilios no caso de accidentes de traballo.

Tema 6.- Cementos: Clases. Fraguado e endurecemento. Resistencia. Morteiros: Definición. A súa preparación con medios manuais e mecánicos.

Tema 7.- Materiais auxiliares empregados en albanelería: Mallas, cantoneiras, perfís auxiliares, impermeabilizantes, etc.

Tema 8. Revestimientos verticais: enfoscados, revocos, enlucidos, estucados. Medios necesarios e execución.

Tema 9.- Aplacados e alicatados en paramentos verticais. Pedra cerámica, azulexos.

Tema 10. Principios básicos de Prevención de Riscos laborais. Normativa legal.

ANEXO II

B)FASE DE CONCURSO: BAREMO DE MÉRITOS.

a) Coñecemento e experiencia profesional podendo ser valorada no seu conxunto ata un máximo de 2,00 puntos.

1.1) Polo tempo de prestación de servizos como oficial albanel nunha administración local ou organismos ou entidades dependentes ou participadas pola mesma, a razón de 0, 20 puntos por mes completo.

1.2) Polo tempo de prestación de servizos como oficial albanel nunha administración pública distinta da local ou organismos ou entidades dependentes ou participadas pola mesma, a razón de 0, 10 puntos por mes completo.

A acreditación da experiencia efectuarase documentalmente mediante certificado de servizos emitido polo órgano competente.

b) Cursos: Podendo ser valorados no seu conxunto ata un máximo de 2,00 puntos.

1.- Cursos relacionados co posto de traballo a desempeñar, impartidos pola Administración Pública ou Entidades dela dependentes ou homologados por éstas, coa seguinte valoración:

Cursos de 100 ou mais horas.....0,75 puntos.

Cursos de 70 a 99 horas..... 0,50 puntos.

Cursos de 40 a 69 horas.....0,20 puntos.

Cursos de 15 a 39 horas.....0,10 puntos.

Ribadeo, 3 de abril de 2024.- O ALCALDE, DANIEL VEGA PEREZ.

R. 1076

O VICEDO

Anuncio

DON JOSÉ JESÚS NOVO MARTÍNEZ, ALCALDE - PRESIDENTE DO CONCELLO DO VICEDO, PROVINCIA DE LUGO,

No exercicio das atribucións que me confire o artigo 61.3 da lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, en relación co artigo 43 e ss. do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/86, de 28 de novembro, e despois de terse reorganizado as atribucións delegadas nos Sres. Concelleiros, que máis abaixo se dirán, por resolución de Alcaldía de 22 de xuño de 2023,

RESOLVO

1.- Delegar nos Sres. Concelleiros que de seguido se relacionan as atribucións que a continuación se describen:

- a. Dona María del Pilar Otero Insua: a delegación de Asuntos Sociais, Educación, Protección Civil, Cultura e Igualdade.
- b. Don Modesto Riveira Fernández: a delegación de Asuntos Marítimos, Turismo Festexos e Deportes.
- c. Don José Ángel Canoura Iglesias: a delegación de Medio Ambiente, Urbanismo e Montes.
- d. Don Balbino Trasancos González: a delegación de Medio Rural, Pistas, Gandería e Agricultura.

As delegacións abranguen a dirección interna e a xestión dos servizos correspondentes, sen incluír as facultades de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

A delegación de atribucións surtirá efectos dende o día da data, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, da notificación persoal correspondente e da oportuna dación de conta ó Pleno do Concello na primeira sesión que celebre.

O Vicedo, 16 de abril de 2024.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 1077
